



# II Plan de igualdade do Concello de Rois 2021-2028

---



# II Plan de igualdade do Concello de Rois 2021-2028

---



Coordinación: Departamento de Servizos sociais, departamento de Emprego e departamento de Cultura do Concello de Rois.

Asistencia técnica para a elaboración:

**GARBO & GARDNER**

SMART SOLUTIONS

## ÍNDICE

PRESENTACIÓN .....	4	7. FINS PRINCIPAIS.....	42
1. INTRODUCCIÓN .....	5	8. ESTRUTURA E CONTIDO DO PLAN.....	43
2. METODOLOXÍA DE ELABORACIÓN.....	6	8.1 Estrutura.....	43
3. DIAGNÓSTICO .....	8	8.2 Contido do plan.....	47
3.1 Datos sociodemográficos do Concello de Rois.....	8	Área estratéxica 1. Acción institucional para a igualdade .....	47
3.2 Datos da organización municipal.....	25	Área estratéxica 2. Concienciación social e educación en igualdade ..	54
3.2.1 Persoal do Concello .....	25	Área estratéxica 3. Emprego e conciliación corresponsable .....	59
3.2.2 Servizos de conciliación municipal.....	26	Área estratéxica 4. Empoderamento e participación activa.....	66
3.2.3 Actividades socioculturais, deportivas e de benestar.....	29	Área estratéxica 5. Calidade de vida e benestar integral.....	73
3.3 Necesidades e demandas formuladas desde unha perspectiva de		Área estratéxica 6. Prevención e atención integral á violencia de	
xénero.....	31	xénero .....	81
4. FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA.....	38	9. SISTEMA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN .....	86
5. PRINCIPIO REITORES .....	41	ANEXO: MODELO DE FICHA PARA A RECOLLIDA DE INFORMACIÓN.....	88
6. VIXENCIA .....	42		

## PRESENTACIÓN

Comprácenos presentar nas seguintes páxinas o II Plan de igualdade do Concello de Rois 2021-2028, un plan co que queremos reforzar o compromiso deste Goberno municipal coa igualdade entre mulleres e homes como motor da nosa sociedade.

En democracia, a igualdade constitúe un valor esencial e irrenunciable que os poderes públicos temos a obriga de defender e promover. Sendo moitos os avances que a nosa sociedade está a vivir en relación coa promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a non discriminación, non é menos certo que continúan persistindo desequilibrios de xénero importantes en todos os ámbitos.

A realidade dá conta de evidentes desigualdades nos distintos eidos: menor presenza e visibilidade das mulleres en moitos campos, como a ciencia, a política, a economía e, en xeral, nas esferas de decisión; actitudes e condutas machistas que parecen non erradicarse entre a mocidade; menores retribucións salariais entre as mulleres e un persistente desequilibrio na distribución das responsabilidades domésticas e familiares. Non debemos esquecer, tampouco, da violencia de xénero, que segue a ofrecernos datos dunha realidade que só pode xulgarse como intolerable.

Así, a día de hoxe segue a ser esencial contar cun plan de igualdade municipal como instrumento marco para o impulso de políticas que contribúan a erradicar as desigualdades entre mulleres e homes e, en xeral, para traballar con perspectiva de xénero desde todas as áreas do Concello.

Queremos agradecer a colaboración das asociacións e entidades de Rois que participaron na elaboración do plan a través das súas achegas para conseguir un instrumento de planificación realista e acaído ás necesidades de todas as persoas, mulleres e homes, mozos e mozas, nenas e nenos.

Imos seguir avanzando no benestar do conxunto da veciñanza de Rois, desde o convencemento que só desde a necesaria igualdade terá lugar o avance da nosa sociedade e a mellora da calidade de vida de todas e todos.

Ramón Tojo Lens

Alcalde de Rois

Mercedes Basante Ares

Concelleira de Asuntos Sociais e  
Emprego

## 1. INTRODUCCIÓN

Coa aprobación deste II Plan, o Concello de Rois reforza o seu compromiso co traballo en favor da eliminación das distintas barreiras que seguen a impedir a igualdade de facto entre mulleres e homes nas distintas esferas da vida.

Sendo innegables os avances acontecidos en materia de igualdade de xénero nas últimas décadas no noso país, a realidade cotiá ofrécenos continuamente exemplos da persistencia de desequilibrios de xénero que atravesan todos os espazos, desde o privado ata o público: pasando por cuestións tan diferentes como a desigual repartición das tarefas domésticas e dos coidados; a persistencia de estereotipos de xénero na socialización das persoas máis novas, cos efectos que isto ten nas relacións; na conformación das vocacións profesionais etc.; ata unha menor participación das mulleres na esfera pública e unha persistente desigualdade salarial, entre outros.

A isto hai que engadir, como manifestación máis cruel da desigualdade, todas as formas de violencia que se exercen contra as mulleres, para o cal resulta imprescindible continuar co traballo de sensibilización social de toda a cidadanía e contribuír á construción dunha sociedade igualitaria desde as idades máis temperás, mediante a transformación dos valores, desterrando os tópicos historicamente construídos en torno ao xénero.

Un plan de igualdade municipal constitúe a folla de ruta para a posta en marcha de políticas locais destinadas a loitar contra estas fendas nos diferentes ámbitos, así como para incorporar o enfoque de xénero de forma transversal a toda a acción municipal.

O I Plan xa integraba a perspectiva de xénero no conxunto da actividade do Concello, e con este segundo instrumento de planificación quérese afondar nesta transversalidade, para planificar recursos, ofrecer servizos e desenvolver actuacións que atendan ás diferentes necesidades de mulleres e homes, mozos e mozas, nenas e nenos, desde o máximo compromiso institucional dunha administración que, ao cabo, non deixa de ser a máis próxima á poboación.

O documento que se presenta estrutúrase nos seguintes apartados: tras desta introdución, un segundo capítulo detalla a metodoloxía de elaboración do plan. A terceira epígrafe recolle os resultados da diagnose realizada con carácter previo, á que segue a fundamentación normativa (capítulo 4), os principios reitores (capítulo 5), a vixencia do plan (capítulo 6) e os seus fins principais (capítulo 7). A parte central deste instrumento de planificación ofrécese no capítulo 8, no que se recolle a estrutura e contido do plan de acción. A novena epígrafe contén unha serie de directrices para o seguimento e avaliación, pechando o documento un anexo coa ficha para a recollida de información que facilite a monitorización do plan.

## 2. METODOLOXÍA DE ELABORACIÓN

A elaboración do II Plan de igualdade do Concello de Rois 2021-2028 articulouse a través dun proceso en fases, a saber:

### DIAGNÓSTICO PREVIO

Coñecer a realidade sobre a que se pretende intervir é un aspecto clave na organización dun proceso de planificación. Por iso, considerouse esencial realizar con carácter previo á elaboración do plan unha diagnose da situación do concello desde unha perspectiva cuantitativa e cualitativa.

Así, por un lado realizouse un proceso de recompilación de información estatística relevante, descritiva das características do municipio de Rois, con especial atención ás tendencias demográficas, pero tamén con información dispoñible sobre o ámbito laboral, o educativo e o da participación social e política. Ademais da consulta de fontes estatísticas oficiais, recolléronse datos proporcionados directamente polo Concello.

Esta información cuantitativa foi completada con información de tipo cualitativo obtida a través dun proceso participativo, baseado na consulta a asociacións e entidades a través de cuestionario, para a identificación das principais necesidades e demandas en materia de igualdade entre mulleres e homes e, en xeral, sobre a situación do

concello nunha serie de ámbitos, para analizar as necesidades e problemáticas existentes desde un enfoque de xénero.

Ademais, estas achegas complementáronse coa información proporcionada desde departamentos municipais cunha alta implicación no desenvolvemento do plan: Servizos sociais, Emprego, Cultura e Deportes.

### ELABORACIÓN DO PROGRAMA DE ACCIÓNS

Unha vez realizada a diagnose de situación, e tendo en conta as directrices proporcionadas polo departamento impulsor, procedeuse á elaboración da parte nuclear do plan: o seu programa de accións, a partir dos ámbitos de actuación prioritaria definidos.

Este proceso partiu do deseño inicial dunha estrutura base sustentada en áreas estratéxicas, tras o cal pasouse á elaboración dos obxectivos e das accións que integran cada unha das ditas áreas.

### VALIDACIÓN E APROBACIÓN

---

Co fin de obter un plan municipal verdadeiramente transversal ao conxunto da acción municipal, presentouse un primeiro borrador do programa ao departamento impulsor. Tras esta revisión, e unha vez aplicadas as modificacións propostas, o plan foi remitido para a súa valoración e consenso ao resto de departamentos municipais.


A versión final do plan foi presentada ao Goberno municipal para a súa aprobación posterior polos distintos grupos no Pleno da Corporación.

## 3. DIAGNÓSTICO

### 3.1 Datos sociodemográficos do Concello de Rois

#### DATOS DE POBOACIÓN

Segundo datos do último Padrón municipal (2019), no Concello de Rois residen un total de 4.512 persoas, das cales o 52,48% son mulleres.



Fonte: IGE. Padrón municipal de habitantes (INE). 2019.

Hai que indicar que conforman o municipio de Rois 12 parroquias, das cales presentan a maior concentración de poboación Urdilde, Rois (San Mamede), Ribasar e Oín. En consonancia coa distribución comentada, o número de mulleres é superior ao de homes en practicamente todas as parroquias, coa excepción de Herbogo e Augasantas.


C.1 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN DO CONCELLO DE ROIS SEGUNDO AS PARROQUIAS POR SEXO

PARROQUIAS	TOTAL	MULLERES	HOMES
Augasantas (San Vicente)	352	173	179
Buxán (San Xoán)	368	198	170
Costa (San Miguel)	198	105	93
Ermedelo (San Martiño)	213	112	101
Herbogo (San Pedro)	241	119	122
Leroño (Santa María)	173	100	73
Oín (Santa María)	423	227	196
Ribasar (Santa Mariña)	446	238	208
Rois (San Mamede)	506	268	238
Seira (San Lourenzo)	385	211	174
Sorribas (San Tomé)	378	205	173
Urdilde (Santa María)	829	412	417
<b>TOTAL</b>	<b>4.512</b>	<b>2.368</b>	<b>2.144</b>

Fonte: IGE: INE. Padrón municipal de habitantes. Explotación estatística e nomenclátor (2019).

En canto á estrutura de poboación, pode falarse dunha pirámide cunha base estreita que vai aumentando nos tramos de idade comprendidos entre os 30 e os 74 anos.






Fonte: IGE. Padrón municipal de habitantes (INE). 2019.

Esta estrutura pon de manifesto que só un 13,85% da poboación de Rois ten menos de 20 anos. Á volta da metade das persoas residentes ten entre 20 e 59 anos, mentres que a poboación maior presenta un peso elevado, posto que representa o 35,59% do total.

A distribución dos datos por sexo evidencia unha clara feminización a partir dos 35 anos, que se volve moi acusada, en liñas xerais, a partir dos 60 anos. Entre este último segmento de poboación o 57,66% son mulleres, lonxevidade que é especialmente destacada a partir dos 85 anos, grupo no que a cifra de mulleres supón máis do dobre que a de homes (171, fronte a 77 homes).

Por outro lado, se se observa a evolución da idade media da poboación nos últimos dez anos, conséntase un incremento paulatino e constante, tanto para mulleres como para homes. A idade media global situábase neste concello en 2010 en 46,77 anos, alcanzando agora os 49,45 anos.




Fonte: IGE. Indicadores demográficos.

A idade media das mulleres é superior á dos homes en todos os anos, acorde coa maior lonxevidade da poboación feminina comentada. En 2019, a media de idade das mulleres chega ata practicamente os 51 anos (50,96), mentres que a dos homes é 3 anos menor (47,79 anos).

En termos demográficos, o concello de Rois presenta unha negativa evolución, xa que as cifras de poboación da última década dan conta dun descenso constante do número de residentes. Entre o ano 2010 e o 2019 o total poboacional reduciuse en 424 persoas.

Por outra parte, do conxunto de residentes no concello, só o 0,53% (24 persoas) son de nacionalidade estranxeira, na súa meirande parte mulleres: 16, fronte a un total de 8 homes.



Fonte: IGE: Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes.

Os cadros que se mostran a continuación dan conta das variacións residenciais que explicarían unha parte da perda de poboación observada.

Agás en 2019, nos anos anteriores o número de persoas que se trasladan a outro concello superou a cifra de novas persoas residentes (véxase o cadro nº 4, que recolle os saldos migratorios).

A meirande parte dos movementos migratorios (emigracións e inmigracións) teñen lugar dentro da comunidade autónoma e no seo da provincia. Son, ademais, máis frecuentes con outros concellos doutras comarcas da provincia que dentro da comarca do Sar.

C.2 EMIGRACIÓNS SEGUNDO O TIPO DE MIGRACIÓN<sup>1</sup>. CONCELLO DE ROIS

ANO	TOTAL	EMIGRACIÓN INTERNA					EMIGRACIÓN EXTERNA		
		Total emigración interna	Á mesma provincia	Á mesma comarca	A outra comarca da mesma provincia	A outra provincia de Galicia	Total emigración externa	A outra comunidade autónoma	Ao estranxeiro
2015	119	100	81	25	56	19	19	16	3
2016	115	105	97	26	71	8	10	7	3
2017	135	102	83	24	59	19	33	21	12
2018	122	100	84	26	58	16	22	14	8
2019	104	85	70	13	57	15	19	17	2

Fonte: IGE: INE. Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

C.3 INMIGRACIÓNS SEGUNDO O TIPO DE MIGRACIÓN. CONCELLO DE ROIS

ANO	TOTAL	INMIGRACIÓN INTERNA				INMIGRACIÓN EXTERNA			
		Total inmigración interna	Da mesma provincia	Da mesma comarca	Doutra comarca da mesma provincia	Doutra provincia de Galicia	Total inmigración externa	Doutra comunidade autónoma	Do estranxeiro
2015	105	81	65	12	53	16	24	13	11
2016	100	79	65	24	41	14	21	19	2
2017	105	83	63	11	52	20	22	16	6
2018	110	89	79	24	55	10	21	13	8
2019	132	100	84	11	73	16	32	12	20

Fonte: IGE: INE. Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

<sup>1</sup> Este documento recolle a distribución por sexo sempre que esta estea dispoñible nas fontes oficiais de referencia. Neste caso, non está dispoñible a segregación dos datos pola variable sexo.

C.4 SALDOS MIGRATORIOS<sup>2</sup>. CONCELLO DE ROIS

ANO	TOTAL	SALDO INTERNO (movementos dentro da comunidade autónoma)	Dentro da mesma provincia	Co resto de Galicia	SALDO EXTERNO (movementos de fóra da comunidade autónoma)	Co resto de España	Co estranxeiro
2015	-14	-19	-16	-3	5	-3	8
2016	-15	-26	-32	6	11	12	-1
2017	-30	-19	-20	1	-11	-5	-6
2018	-12	-11	-5	-6	-1	-1	0
2019	28	15	14	1	13	-5	18

Fonte: IGE: INE. Estatística de variacións residenciais. Elaboración propia a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

Doutra banda, a análise dunha serie de indicadores demográficos do concello en perspectiva comparada co conxunto da comunidade autónoma (cadro nº 5), dá conta dunha menor taxa de natalidade e de fecundidade. Ademais, o número medio esperado de fillos e fillas

por muller -índice sintético de fecundidade- non chega a 1, por debaixo do promedio de Galicia. Tanto a idade media á maternidade como a idade á que se é nai por primeira vez e a porcentaxe de mulleres non casadas sitúanse na media galega.

<sup>2</sup> O saldo migratorio, para cada ámbito territorial, é a diferenza entre o número de inmigracións e o número de emigracións. Se é positivo indica que as entradas de poboación superan as saídas e se é negativo o contrario.

C.5 INDICADORES DE FECUNDIDADE<sup>3</sup>. CONCELLO DE ROIS E GALICIA

INDICADORES	ROIS	GALICIA
Taxa bruta de natalidade	4,79	6,13
Taxa xeral de fecundidade	24,46	29,62
Idade media á maternidade	32,64	32,74
Idade media da nai ao nacemento do/a primeiro/a fillo/a	31,95	31,70
Índice sintético de fecundidade	0,86	1,04
Porcentaxe de nacementos de nai non casada	50,00	49,96
Relación de masculinidade ao nacemento	120,00	106,54
Taxa bruta de reprodución	0,39	0,51

Fonte: IGE. Indicadores demográficos. 2018.

Seguindo cunha análise sociolóxica dos comportamentos poboacionais, obsérvanse diferenzas con respecto á media global de Galicia en canto ás tendencias fronte ao matrimonio: tanto a taxa bruta de nupcialidade -número de matrimonios por cada 1.000

habitantes-, como a taxa xeral de nupcialidade -número de matrimonios por cada mil persoas de 15 ou máis anos- son algo máis altas en Rois que no conxunto da comunidade.

C.6 INDICADORES DE NUPCIALIDADE. CONCELLO DE ROIS E GALICIA

INDICADORES	ROIS	GALICIA
Taxa bruta de nupcialidade	3,48	3,20
Taxa xeral de nupcialidade	3,88	3,63
Idade media ao primeiro matrimonio. Mulleres	31,33	35,56
Idade media ao primeiro matrimonio. Homes	30,41	33,27

Fonte: IGE. Indicadores demográficos. 2018.

Ademais dunha proporción máis alta de matrimonios, outra pauta promedio do municipio é que tanto mulleres como homes casan a idades máis novas que no conxunto de Galicia. Esta diferenza é especialmente acusada no caso das mulleres, xa que a idade media é de aproximadamente catro anos máis baixa -31,33, fronte aos 35,56 anos para o conxunto da autonomía.-

<sup>3</sup> A continuación recóllense as definicións destes indicadores:

Taxa bruta de natalidade: número de nacementos por cada 1 000 habitantes.

Taxa xeral de fecundidade: número de nacementos por cada 1 000 mulleres en idade fértil (de 15 a 49 anos).

Relación de masculinidade ao nacemento: cociente entre o número de nenos e o de nenas nados durante un ano.

Taxa bruta de reprodución: número medio de fillas que tería unha muller en ausencia de mortalidade ao longo da súa vida.

Índice sintético de fecundidade: número medio de fillo/as por muller esperado ao longo da súa vida fértil (de 15 a 49 anos).

Tendo en conta o saldo vexetativo de signo negativo dos últimos anos, plasmado no cadro nº7, resultado dun número superior de falecementos que de nacementos, así como as tendencias

demográficas para a comarca do Sar no horizonte 2030 recollidas no cadro nº 8, cabe falar dun municipio cunha reducida remuda poboacional.

C.7 NACEMENTOS, DEFUNCIÓNS E SALDO VEXETATIVO. CONCELLO DE ROIS

ANO	NACEMENTOS			DEFUNCIÓNS			SALDO VEXETATIVO
	Total de nacementos	Nacementos mulleres	Nacementos homes	Total de defuncións	Defuncións mulleres	Defuncións homes	
2015	22	10	12	67	31	36	-45
2016	48	22	26	67	34	33	-19
2017	35	21	14	64	33	31	-29
2018	22	10	12	66	43	23	-44
2019	26	16	10	63	32	31	-37

Fonte: IGE: INE. Movemento natural de poboación.

C.8 PROXECCIÓNS DE POBOACIÓN. VARIABLES DEMOGRÁFICAS PROXECTADAS PARA O ANO 2030. COMARCA DO SAR<sup>4</sup>

VARIABLES	TOTAL	MULLERES	HOMES
Nacementos proxectados	63	31	33
Taxa bruta de natalidade	4,6	-	-
Defuncións proxectadas	185	94	91
Taxa bruta de mortalidade	13,5	13,2	13,7
Saldo vexetativo	-122	-64	-58
Saldo migratorio	-61	-29	-31

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo

<sup>4</sup> As proxección de poboación non están dispoñibles por concellos.

Outra dimensión fundamental a ter en conta desde as administracións públicas, de cara á planificación dos recursos a medio-longo prazo é o envellecemento poboacional. Os indicadores demográficos actuais e os indicadores proxectados para o conxunto da comarca dan conta dunha crecente poboación cada vez máis envellecida e lonxeva: por cada 100 persoas menores de 20 anos hai

máis do dobre de 65 e máis anos (219,83), proporción que é moi superior entre as mulleres.

En 2030 os indicadores de envellecemento serán aínda máis elevados para o conxunto da comarca, especialmente entre a poboación feminina.

C.9 INDICADORES DEMOGRÁFICOS. INDICADORES DE ENVELLECIMENTO. CONCELLO DE ROIS<sup>5</sup>

INDICADORES	TOTAL	MULLERES	HOMES
Índice de envellecemento	219,83	248,65	190,52
Índice de sobreenvellecemento	19,99	22,03	17,27

Fonte: IGE. Indicadores demográficos. 2019.

C.10 PROXECCIÓNS DE POBOACIÓN. INDICADORES DE ENVELLECIMENTO PROXECTADOS PARA O ANO 2030. COMARCA DO SAR

INDICADORES	TOTAL	MULLERES	HOMES
Índice de envellecemento	257,1	298,00	217,7
Índice de sobreenvellecemento	19,5	22,1	16,2

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo.

<sup>5</sup> Índice de envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en %, é dicir, o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos.

Índice de sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos expresada en %, é dicir, o número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou máis anos.

EMPREGO

Pasando agora á análise dos datos asociados ao emprego e á actividade económica do municipio<sup>6</sup>, e analizando os datos promedio de desemprego correspondentes ao ano 2019<sup>7</sup>, compróbase, en primeiro lugar, que a media de persoas en situación de desemprego no concello de Rois era de 212 persoas, das cales o 60,37% son mulleres, un dato a ter en conta na programación de políticas locais destinadas á mellora da empregabilidade da poboación feminina.

Se se atende á idade obsérvanse diferenzas por sexo: mentres que entre os homes o desemprego é máis significativo a partir dos 45 anos, entre as mulleres a cifra comeza a ascender a partir dos 35 anos, rexistrándose o número máis elevado entre as mulleres de 40 a 44 anos, idades aínda coincidentes coa maternidade e a crianza, o que dá conta das maiores dificultades das mulleres para compaxinar vida laboral e responsabilidades familiares en ausencia de coresponsabilidade.




Fonte: IGE: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente.

<sup>6</sup> Non están dispoñibles datos actualizados de poboación activa e poboación ocupada, posto que a Enquisa de Poboación Activa (EPA) só ofrece datos municipais para as grandes cidades. O Censo de Poboación e vivendas recolle estes datos, se ben se atopan moi desactualizados, xa que corresponden ao ano 2011.

<sup>7</sup> Non se considerou procedente analizar os datos de paro máis actuais e dispoñibles debido á distorsión que presentan a causa da crise sanitaria provocada pola COVID-19.




Por sectores de actividade, o paro concéntrase principalmente no sector servizos, tanto entre as mulleres como entre os homes.



Fonte: IGE: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente.

En canto ao emprego, en decembro de 2019 un total de 1.708 persoas residentes no municipio estaban afiliadas á Seguridade Social, o 55,03% delas, homes.



Fonte: IGE. Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada.




Fonte: IGE: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente.

Unha análise da contratación rexistrada no concello de Rois evidencia a tendencia xa comentada para os datos de desemprego: a poboación ocúpase principalmente no sector servizos, en concreto o 78,93% (506), presentando o resto de sectores un peso reducido<sup>8</sup>.

<sup>8</sup> Estes datos non están dispoñibles segundo a variable sexo.

Pero ademais, desde a perspectiva de xénero é imprescindible analizar a modalidade dos contratos no que respecta ao tipo de xornada. Os datos recollidos no gráfico nº 9 e no cadro nº 11 mostran as seguintes tendencias:

- Do total de contratos rexistrados no Concello de Rois en 2019 algo máis da metade corresponden a mulleres (55,38%).
- A contratación feminina, porén, é principalmente a tempo parcial, o que dá conta da persistencia dunha situación desigual de mulleres e homes no ámbito laboral. En concreto:
  - Dous terzos dos contratos a tempo completo corresponden a homes, fronte a un 33,51% de mulleres contratadas nesa modalidade.
  - Atendendo agora ao total de contratos a tempo parcial (251), case 9 de cada 10 persoas contratadas nesta modalidade son mulleres (221).
  - E analizando só os datos para a poboación feminina (355), conclúese que o 62,25% delas traballa a tempo parcial.
  - Así mesmo, os 5 contratos rexistrados na modalidade de fixo discontinuo corresponden a mulleres.



Fonte: IGE: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente.

C.11 CONTRATOS REXISTRADOS NO CONCELLO DE ROIS SEGUNDO O SEXO E O TIPO DE XORNADA (2019)<sup>9</sup>

TIPO DE CONTRATO	TOTAL			MULLERES			HOMES		
	N	% V	% H	N	% V	% H	N	% V	% H
A tempo completo	385	60,06	100,00	129	36,34	33,51	256	89,51	<b>66,49</b>
A tempo parcial	251	39,16	100,00	221	<b>62,25</b>	<b>88,05</b>	30	10,49	11,95
Fixo discontinuo	5	0,78	100,00	5	1,41	<b>100,00</b>	0	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	641	100,00	100,00	355	100,00	<b>55,38</b>	286	100,00	44,62

Fonte: IGE: Consellería de Economía, Emprego e Industria. Información subministrada directamente.

<sup>9</sup> As porcentaxes verticais (%V) recollen a distribución dos datos dentro de cada estrato: a de mulleres sobre o total de mulleres, a de homes sobre o total de homes e o total. As porcentaxes horizontais recollen a distribución dos datos por sexo sobre o total de cada tipo de contrato.

EDUCACIÓN

Pasando á análise dos datos do ámbito educativo, hai que comezar indicando que o concello de Rois conta cunha escola infantil de titularidade autonómica (Rede Galiña Azul), un centro de Educación Infantil e Primaria (Pumar-Urdilde) e un centro público integrado no que se imparten Infantil, Primaria e Secundaria, o CPI Os Dices. Ademais, conta cunha Escola Municipal de Música.

En consonancia coa distribución por sexo nos tramos de 5 a 14 anos vista na pirámide poboacional, nos que se constata un maior peso da poboación masculina, os centros de Educación Infantil, Primaria e Secundaria do municipio rexistran un predominio de nenos e rapaces nos distintos niveis de ensinanza, coa excepción da etapa de Infantil no CPI Os Dices, nos que hai un lixeiro predominio de nenas (51,47%). As nenas e rapazas son maioría, porén, na escola infantil (53,13%) e na Escola Municipal de Música (58,02%).

C.12 ALUMNADO DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE ROIS SEGUNDO O SEXO


CENTROS	TOTAL		MULLERES		HOMES	
	Nº.	%	Nº.	%	Nº.	%
<b>ESCOLA INFANTIL</b>						
Total	32	100,00	17	53,13	15	46,88
<b>CEIP Pumar-Urdilde</b>						
Educación Infantil	27	100,00	9	33,33	18	66,67
Educación Primaria	91	100,00	41	45,05	50	54,95
Total	118	100,00	50	42,37	68	57,63
<b>CPI Os Dices</b>						
Educación Infantil	68	100,00	35	51,47	33	48,53
Educación Primaria	130	100,00	65	50,00	65	50,00

CENTROS	TOTAL		MULLERES		HOMES	
	Nº.	%	Nº.	%	Nº.	%
Educación Secundaria	106	100,00	42	39,62	64	60,38
Total	304	100,00	142	46,71	162	53,29
Escola Municipal de Música (Esmu)						
Total	81	100,00	47	58,02	34	41,98


Fonte: Concello de Rois. Datos correspondentes ao curso 2020-21.

A habitual feminización do profesorado no ensino non universitario conséntase tamén nos centros educativos de titularidade pública de Rois, nos cales 3 de cada 4 docentes son mulleres.

E segundo a información facilitada polo Concello, nos dous centros de ensinanzas obrigatorias do municipio, o CEIP O Pumar-Urdilde e o CPI Os Dices, a práctica totalidade dos cargos directivos (dirección, secretaría e xefatura de estudos) son ocupados por mulleres -coa excepción da dirección do primeiro deles-, concretamente 6 dos 7 postos desta natureza.



Fonte: IGE: Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade. 2020.



Fonte: Concello de Rois. Datos correspondentes ao curso 2020-21.


### ÁMBITO ASOCIATIVO

Segundo datos actualizados de decembro de 2020, no Concello de Rois figuran inscritas un total de 27 asociacións, entre as que sobresaen as de veciñanza das distintas parroquias, un total de 11. Séguenlle as de carácter deportivo (que inclúen caza e pesca), cun total de 5, as culturais (4), e cun peso idéntico as anpas dos centros educativos e da escola infantil (3) e as de mulleres.

En concreto, as asociacións de mulleres existentes no concello son as seguintes:

- A Asociación de mulleres rurais San Martiño de Ermedelo.
- A Asociación de amas de casa de Rois.
- A Asociación de mulleres rurais de Urdilde, unha das primeiras asociacións de mulleres constituídas en Galicia.

O concello conta, ademais, cunha asociación de defensa dos dereitos das persoas con discapacidade.




Fonte: Concello de Rois. Rexistro municipal de asociacións (2020).

### ÁMBITO POLÍTICO

O ámbito político segue a ser reflexo da menor participación social das mulleres. A pesar de que a incorporación das mulleres á vida política é crecente e imparable, a súa participación e presenza en postos clave e órganos de dirección aínda segue a ser menor que a dos homes.

Como reflicte o gráfico nº 13, a actual Corporación local está formada por 11 concelleiros e concelleiras. Un total de 4 son mulleres, 2 delas pertencentes ao Partido Popular, 1 ao Bloque Nacionalista Galego e 1 ao PSdeG-PSOE.

Polo que respecta ao actual equipo de Goberno, integran o Executivo local o Alcalde e 5 concellerías; 2 delas dirixidas por mulleres: a Concellería de Asuntos Sociais e Emprego e a Concellería de Cultura.



Fonte: Concello de Rois. Web institucional.



## 3.2 Datos da organización municipal

### 3.2.1 PERSOAL DO CONCELLO

O cadro nº13 recolle a distribución por sexo e departamento/área de todo o persoal do Concello de Rois, xa sexa fixo ou eventual. En total, traballan nesta administración un total de 34 persoas, cun claro predominio de traballadoras, posto que as mulleres representan o 73,53%.

Máis da metade das empregadas do Concello traballan no departamento de Servizos sociais (60%), departamento que, ademais, é practicamente feminino na súa totalidade: 15 mulleres dun total de 16 persoas (93,75%). Ademais, o departamento de Cultura está integramente formado por mulleres (2) e Emprego ten unha única persoa empregada, tamén muller.

Pola súa banda, os homes concéntranse en maior medida na área de Urbanismo e Obras, departamento integramente formado por empregados, seguido de Administración xeral, con 2, aínda estando este maioritariamente conformado por mulleres. O Rexistro civil ten unha única persoa empregada, home.

Esta distribución do cadro de persoal por departamento e sexo é un bo exemplo da presenza de mulleres e homes nos distintos sectores aínda asociada a estereotipos de xénero: a poboación feminina ocupada en maior medida en traballos relacionados coa atención ás persoas -como é o caso dos Servizos sociais- e os homes en postos de carácter máis técnico – como Urbanismo e Obras-.

C.13 CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE ROIS POR DEPARTAMENTOS SEGUNDO O SEXO<sup>10</sup>

DEPARTAMENTOS	TOTAL			MULLERES			HOMES		
	N	% V	% H	N	% V	% H	N	% V	% H
Administración xeral	6	17,65	100,00	4	16,00	66,67	2	22,22	33,33
Rexistro civil	1	2,94	100,00	0	0,00	0,00	1	11,11	100,00
Servizos sociais	16	47,06	100,00	15	60,00	93,75	1	11,11	6,25
Urbanismo e Obras	3	8,82	100,00	0	0,00	0,00	3	33,33	100,00
Cultura	2	5,88	100,00	2	8,00	100,00	0	0,00	0,00
Deportes	2	5,88	100,00	1	4,00	50,00	1	11,11	50,00
Educación	3	8,82	100,00	2	8,00	66,67	1	11,11	33,33
Emprego	1	2,94	100,00	1	4,00	100,00	0	0,00	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>34</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>	<b>25</b>	<b>100,00</b>	<b>73,53</b>	<b>9</b>	<b>100,00</b>	<b>26,47</b>

Fonte: Concello de Rois. 2020.

### 3.2.2 SERVIZOS DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL

Para contribuír a que as familias de Rois poidan compatibilizar a vida laboral e persoal co coidado das súas fillas e fillos, o Concello ten en marcha tres programas de conciliación, subvencionados pola Secretaría Xeral da Igualdade, destinados a ofrecer actividades

lúdico-educativas á poboación escolar nos períodos non lectivos. Estes programas son:

<sup>10</sup> As porcentaxes verticais (%V) recollen a distribución dos datos dentro de cada estrato: a de mulleres sobre o total de mulleres, a de homes sobre o total de homes, e o total. As porcentaxes horizontais (% H) recollen a distribución dos datos por sexo sobre o total de persoas empregadas en cada departamento e en total.

### 1. **Divernadal.**

No marco desta programación durante as vacacións de Nadal lévanse a cabo actividades de educación ambiental, artísticas, deportivas, xogos, animación á lectura e talleres para o fomento da igualdade entre nenos e nenas, traballos manuais e outros que poidan aumentar a capacidade e destreza dos nenos e nenas participantes.

En canto ao seu horario, comeza ás 7:30 h. (inclúe almorzo) e remata ás 14.30 h.

Na última convocatoria (2019-20) participaron un total de 69 nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 e os 11 anos. A distribución por sexo mostra un lixeiro predominio feminino: 38 nenas (55,07%) e 31 nenos (44,93%).

Debido á crise sanitaria orixinada polo COVID-19 non foi posible levar a cabo as actividades deste programa correspondentes á tempada 2020-21.

### 2. **Mañás entroideras.**

Este programa de conciliación desenvólvese durante as festas de entroido, co fin de crear un ambiente festivo de grande arraigo cultural como é o entroido. Realízanse tamén actividades plásticas, artísticas, deportivas, xogos etc., así como talleres para o fomento da igualdade.

O seu horario é de 9:30 h. ás 14:00 h.

Na última edición participaron un total 50 nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 e os 11 anos: 30 nenas (60%) e 20 nenos (40%).

### 3. **Diververán.**

No marco desta programación de verán realízanse actividades plásticas e de relación coa natureza e educación ambiental, artísticas, deportivas, xogos e, en xeral, as xa enumeradas para os programas anteriores.

O seu horario é de 7:30 h. Amencer (inclúe almorzo)/9:30 h. a 14.30 h.

Como novidade, no ano 2020 as actividades desenvólvense simultaneamente na rede de locais sociais e veciñais e equipamentos municipais existentes, en concreto nos centros educativos de Rois e Urdilde, no local social de Sorribas e na escola unitaria de Sorribas, planificación que responde á necesidade de dispersión para a aplicación das medidas de seguridade e hixiene necesarias relacionadas coa crise do COVID-19.

Ademais, 2020 foi o primeiro ano que o programa se executou durante o mes de agosto, debido á demanda existente para esas datas.

Na última convocatoria, durante os meses de xullo e agosto, participaron 84 nenas e nenos de idades comprendidas entre

os 3 e os 11 anos. Neste caso, é maioritaria a participación de nenos, en concreto, asistiron 53 nenos (63,10%) e 31 nenas (36,90%).

Ademais desta programación municipal orientada a facilitar a conciliación nos períodos non lectivos, na época escolar, para as e os máis pequenos, o concello conta cunha **escola infantil da Rede "A Galiña Azul"**. Este recurso diríxese a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 3 meses e os 3 anos.

Trátase dun servizo público de atención á infancia, educativo asistencial, que permite a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía, ao tempo que facilita a súa inserción no mercado laboral. En funcionamento desde hai doce anos, o seu horario é de 8.00 a 17.30 h.

#### C.14 POBOACIÓN PARTICIPANTE NOS PROGRAMAS MUNICIPAIS DE CONCILIACIÓN SEGUNDO O SEXO

PROGRAMAS	TOTAL		NENAS		NENOS	
	Nº.	%	Nº.	%	Nº.	%
<b>DIVERNADAL</b>						
Total	69	100,00	38	55,07	31	44,93
<b>MAÑÁS ENTROIDEIRAS</b>						
Total	50	100,00	30	60,00	20	40,00
<b>DIVERVERÁN</b>						
Total	84	100,00	31	36,90	53	63,10

Fonte: Concello de Rois. Ano 2019-20.

### 3.2.3 ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS, DEPORTIVAS E DE BENESTAR

O Concello de Rois ofrece unha ampla programación de tipo sociocultural, deportivo, e orientada ao benestar da poboación. Múltiples actividades educativas, culturais, de lecer, de actividades física e deportiva integran a oferta municipal que recolle o cadro nº 15, no que se pode observar a participación por sexo.

A análise dos datos resulta moi ilustrativa da persistencia de estereotipos de xénero, asociados aos roles tradicionalmente asignados a mulleres e a homes, que perduran aínda mesmo na poboación máis nova, por exemplo, á hora de participar en actividades deportivas.

Así, segundo os datos de participación dispoñibles, correspondentes ao período 2019-20, a asistencia a cursos como os traballos manuais, palillos ou pandeireta son actividades de lecer de exclusiva participación feminina. O mesmo ocorre con actividades físicas como a ximnasia, o ioga, pilates ou zumba, cunha participación abrumadoramente feminina.

En canto á práctica deportiva, deportes como o judo e o fútbol sala son maioritaria ou exclusivamente practicados por rapaces, mentres que a ximnasia rítmica e a patinaxe artística son actividades claramente feminizadas.

C.15 POBOACIÓN PARTICIPANTE EN ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS, DEPORTIVAS E DE BENESTAR ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE ROIS, SEGUNDO O SEXO

ACTIVIDADES	TOTAL		MULLERES		HOMES	
	Nº.	%	Nº.	%	Nº.	%
Curso de traballos manuais	20	100,00	20	<b>100,00</b>	0	0,00
Curso de recuperación de música tradicional (pandeireta)	45	100,00	45	<b>100,00</b>	0	0,00
Curso de palillos	22	100,00	22	<b>100,00</b>	0	0,00
Inglés	18	100,00	11	61,11	7	38,89
Teatro	12	100,00	6	50,00	6	50,00
Ximnasia +55	41	100,00	39	<b>95,12</b>	2	4,88
Ioga	16	100,00	15	<b>93,75</b>	1	6,25

ACTIVIDADES	TOTAL		MULLERES		HOMES	
	Nº.	%	Nº.	%	Nº.	%
Pilates	69	100,00	69	<b>100,00</b>	0	0,00
Zumba	34	100,00	34	<b>100,00</b>	0	0,00
Inglés para nenas e nenos	33	100,00	17	51,52	6	48,48
Programa Arrorois (sesións de contacontos)	16	100,00	9	56,25	7	43,75
Deseño de videoxogos	7	100,00	0	0,00	7	<b>100,00</b>
Judo	32	100,00	7	21,88	25	<b>78,13</b>
Patinaxe artística	48	100,00	42	<b>87,50</b>	6	12,50
Ximnasia rítmica	23	100,00	23	<b>100,00</b>	0	0,00
Tenis	26	100,00	11	42,31	15	57,69
Fútbol sala	7	100,00	0	0,00	7	<b>100,00</b>
<b>TOTAL</b>	<b>469</b>	<b>100,00</b>	<b>370</b>	<b>78,89</b>	<b>89</b>	<b>18,98</b>

Fonte: Concello de Rois. Ano 2019-2020.

### 3.3 Necesidades e demandas formuladas desde unha perspectiva de xénero

Ademais da información estatística que se vén de expoñer, a diagnose do concello incluíu a realización dunha prospección de necesidades e demandas da poboación de Rois en materia de igualdade entre mulleres e homes e, en xeral, nos distintos ámbitos, desde unha perspectiva de xénero, isto é, tendo en conta as diferenzas e posibles desigualdades entre homes e mulleres.

Atendendo ás especificacións metodolóxicas, desenvolveuse un proceso de consulta. Neste proceso participaron as seguintes asociacións e entidades do municipio:

- A Asociación de mulleres rurais San Martiño de Ermedelo.
- A Asociación de mulleres rurais de Urdilde.
- O Club Deportivo de Rois.
- A Asociación de amas de casa de Rois.
- A Asociación de nais e pais ANPA San Isidro do CPI Os Dices.
- A Asociación AMIPA.

Esta información complementouse coas achegas realizadas desde a propia Administración municipal, en concreto polos seguintes departamentos:

- Servizos sociais.
- Emprego.
- Cultura.
- Deportes.

A seguir, resúmense as principais achegas realizadas segundo ámbitos de actuación:

#### FORMACIÓN E EMPREGO

En materia de formación e emprego, a información recompilada apunta, en primeiro lugar, a unha falta de formación entre un sector das mulleres -principalmente maiores de 45 anos e con cargas familiares-. As dificultades relacionadas coa conciliación e os problemas de desprazamento cando se carece de vehículo propio son os principais obstáculos á participación das mulleres en actividades formativas.

En materia de emprego, destacan as dificultades de acceso e a permanencia das mulleres, dificultades que se relacionan coa

ausencia de corresponsabilidade no ámbito familiar, no que nas mulleres asumen principalmente ou en solitario a responsabilidade dos coidados, o que actúa como freo da contratación e supón unha situación de desvantaxe fronte aos homes.

En canto á actividade emprendedora, a solicitude de asesoramento para o emprendemento presenta un perfil feminizado. Non obstante, segundo as opinións recadadas debería seguir fomentándose o emprendemento, sendo esenciais as axudas económicas para o impulso da creación de negocios.

Entre as demandas formuladas neste ámbito destacan:

- O aumento dos recursos para a conciliación.
- Fomentar a formación para o emprego.
- Proporcionar incentivos económicos para o emprendemento das mulleres.
- Fomentar a formación para o emprendemento.
- Reforzar a formación en novas tecnoloxías.
- A concesión de bolsas para o apoio á formación de mulleres.
- A reserva de prazas para a contratación de mulleres no Concello.
- Axudas municipais ás empresas para que establezan plans de igualdade salarial.
- Axudas ás empresas para a contratación feminina.

### CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, PERSOAL E FAMILIAR

Sen dúbida, trátase do ámbito no que maior consenso existe en canto á necesidade de seguir reforzando a rede de recursos de apoio á conciliación, sen a cal, non é viable a plena incorporación e a permanencia das mulleres no ámbito laboral.

Aínda que se recoñece o esforzo realizado nos últimos tempos por parte do Concello na oferta de servizos de conciliación, segundo a información facilitada cómpre seguir reforzando e ampliando a oferta existente, insuficiente por non chegar ao conxunto da poboación ou non cubrir as distintas necesidades horarias para harmonizar traballo e responsabilidades familiares.

Demándase, en concreto:

- Reforzar a oferta de educación infantil. A Escola infantil 'Galiña Azul' ten unha oferta de prazas claramente insuficiente. Reclámase o aumento de prazas, así como a creación de dúas escolas máis, en Rois e Urdilde, para dar resposta á toda a demanda existente.
- A ampliación do horario da escola infantil.
- A creación de casas niño.
- Ampliar a oferta de recursos para as persoas maiores.
- Poñer en marcha programas de 'madrugadores/as' en todos os centros educativos.



- Ofrecer actividades/programacións en horario extraescolar.
- Ampliar o horario dos programas municipais de conciliación (actualmente só de mañá).

Hai, por outra banda, unha coincidencia de opinións en canto á importancia da concienciación do empresariado en materia de conciliación. Proponse, neste sentido:

- Sensibilizar o empresariado sobre as medidas de conciliación da vida laboral, persoal e familiar.
- Introducir medidas de flexibilización da xornada laboral (horarios flexibles, teletraballo etc.).
- Promover a creación de garderías en empresas de mediano e gran tamaño do Concello.

### BENESTAR SOCIAL E SAÚDE

Tamén neste eido identificáronse unha serie de necesidades e formuláronse distintas demandas para mellorar o benestar do conxunto da cidadanía a través da posta en marcha de recursos e actuacións.

Como outros concellos de Galicia, Rois conta cunha poboación maior que precisa de distintos recursos de atención. Ademais, o coidado de persoas maiores e en situación de dependencia fai tamén necesaria a articulación de accións dirixidas ás persoas coidadoras, como é sabido, principalmente mulleres.

Neste contexto, solicítase:

- Incrementar o número de prazas do centro de día.
- Aumentar o número de profesionais no servizo de axuda a domicilio (SAF).
- A creación de fogares ou residencias de pequeno tamaño para persoas maiores e/ou en situación de dependencia.
- Impartir accións formativas dirixidas a persoas coidadoras, sobre enfermidades e para a prestación de coidados e o manexo de persoas en situación de dependencia.
- Poñer en marcha actividades/programas de descanso e respiro para as persoas coidadoras.

- Poñer en marcha actuacións de información e apoio a mulleres que asumen en soidade o coidado de familiares.

Ademais, propónse:

- Impulsar actuacións de información sobre servizos sociosanitarios.
- Realizar accións informativas e formativas sobre benestar integral e saúde, dirixidas tamén a mulleres con discapacidade intelectual.
- Poñer en marcha actuacións para a mellora da saúde mental.
- A mellora da accesibilidade cognitiva e o deseño para todas as persoas. A través da introdución da lectura fácil e outros sistemas de información adaptada para a información municipal (para persoas con discapacidade, persoas maiores etc.)

En materia de inclusión social e pobreza:

- Continuar con actuacións dirixidas a mulleres en situación de monoparentalidade e en situacións de vulnerabilidade: mellora de habilidades sociais, organización da economía doméstica etc.
- Reforzar a coordinación entre os Servizos sociais e os centros de ensino para a detección de situacións risco de exclusión e facilitar ás e aos menores o acceso a reforzos educativos, ás tecnoloxías e a actividades deportivas e de lecer.

## VIOLENCIA DE XÉNERO

As principais propostas no ámbito da prevención e a intervención en materia de violencia de xénero son:

- Reforzar os distintos recursos de apoio: asistencia xurídica e apoio psicolóxico.
- A creación dunha bolsa de emprego para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Poñer en marcha programas de voluntariado para facilitar o contacto entre mulleres e homes que pasasen pola mesma situación.
- Establecer mecanismos de colaboración entre o Concello, o centro escolar e outras administracións para a detección e identificación de situacións de violencia.
- Continuar co labor de sensibilización social e a educación para a igualdade para previr a violencia.

## PARTICIPACIÓN SOCIAL

No ámbito da oferta sociocultural do Concello, desde a propia institución confírmase unha participación feminina lixeiramente superior nas distintas actividades que se organizan para a poboación infantil e adulta.

Destácase, doutra banda, a nula participación xuvenil nas actividades municipais -sen diferenzas de xénero-, o que, sen dúbida constitúe un reto para a planificación futura.

Neste eido, recadáronse as seguintes propostas:

- Promover a participación da mocidade en actividades socioculturais.
- Diseñar programacións socioculturais en colaboración co movemento asociativo.
- Continuar coa descentralización de actividades para evitar desprazamentos e facilitar a participación das mulleres das distintas parroquias.
- Potenciar a presenza feminina no ámbito asociativo.
- Organizar actividades para o empoderamento feminino.
- Fomentar o empoderamento das mulleres rurais a través de encontros entre entidades.

#### EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

En liñas xerais cóincídese en que é esencial seguir fomentando a educación en igualdade desde a infancia. Así mesmo, precísase de actuacións dirixidas ao conxunto da comunidade educativa: alumnado, profesorado e nais e pais. Considérase moi positivo o

labor que xa se está a realizar, aínda que sería necesario reforzalo, intensificar as actividades e non circunscribilas ao ámbito escolar.

Os ámbitos nos que é necesario incidir de xeito especial serían os seguintes:

- A corresponsabilidade: participación igualitaria de mulleres e homes nas responsabilidades familiares e domésticas.
- O uso axeitado de Internet e redes sociais.
- Reforzar a educación sexual.
- Fomentar valores de respecto e empatía cara as distintas identidades sexuais, tanto por parte do alumnado como das súas familias.
- Incidir, en xeral, na erradicación dos estereotipos de xénero.
- Promover xogos e xogueteos non sexistas.

Ademais, demándase seguir apoiando o labor das escolas de nais e pais en materia de igualdade entre mulleres e homes e promover, en concreto a realización de talleres formativos para traballar conxuntamente coas familias e traballar a igualdade de roles na maternidade e na paternidade.

Por outro lado, recolléronse tamén algunhas referencias á necesidade de continuar sensibilizando e informando sobre a igualdade de mulleres e homes ao conxunto da cidadanía.

### CULTURA E DEPORTES

No ámbito sociocultural, conséntase a persistencia de estereotipos de xénero na participación en distintas actividades, tal e como se comentou en páxinas anteriores. Cómpre, polo tanto, fomentar a participación de mulleres e homes en actividades que presentan un nesgo de xénero, é dicir, nas que cada sexo se atopa infrarrepresentado.

En canto á programación da oferta é necesario seguir considerando a perspectiva de xénero na planificación de actividades, xunto a outros criterios como a promoción da lingua galega, a inclusión e a diversidade.

Entre as propostas recollidas no ámbito cultural hai que destacar:

- A posta en valor do patrimonio cultural e natural de Rois e a potenciación dos seus recursos sociais.
- Continuar/reforzar a visibilización das mulleres da contorna e a posta en valor do traballo e achegas das mulleres rurais.
- A elaboración de materiais sobre a igualdade de xénero.
- A programación de accións en colaboración co departamento de Servizos sociais.

No ámbito do deporte, Concello e entidades coinciden en constatar unha participación desigual nas actividades deportivas, claramente condicionada por estereotipos de xénero aínda presentes. En diversos deportes, como o fútbol, a participación feminina segue a ser moi

minoritaria, se ben tamén se confirma a incorporación de mulleres ao corpo técnico e directivo do club deportivo local.

Noutro tipo de actividades deportivas, como a ximnasia rítmica ou a patinaxe a participación é abrumadoramente feminina, como xa se comentou en páxinas anteriores.

É, polo tanto, esencial, seguir traballando para a erradicación destes estereotipos e o fomento da participación de mulleres e homes nas actividades nas que a súa presenza sexa menor.

As propostas recollidas para o ámbito deportivo son:

- Dar continuidade á descentralización de actividades.
- Incrementar a oferta de franxas horarias das distintas actividades, en coordinación coas distintas asociacións.
- Reforzar o contacto e colaboración coas distintas asociacións para a identificación de necesidades en materia de actividade física e lecer.
- Establecer colaboracións coas distintas entidades deportivas do concello para fomentar a práctica deportiva coa creación de seccións femininas.
- Potenciar o uso das distintas instalacións deportivas municipais: ximnasio, parques biosaudables, rutas de sendeirismo etc.

- Concienciar a poboación sobre a importancia da práctica física-deportiva para a mellora da calidade de vida.
- Planificar programacións conxuntas cos departamentos de Servizos sociais e Cultura.

#### URBANISMO, TRANSPORTE E INFRAESTRUTURAS

Desde as distintas entidades consultadas faise fincapé na importancia do transporte público no concello de Rois, un municipio de elevada dispersión poboacional e extensión.

A mellora do transporte é unha necesidade imperiosa, aspecto no que hai plena unanimidade entre as organizacións consultadas. De feito, a carencia dun servizo adecuado e a dependencia dun vehículo propio condiciona múltiples aspectos da vida da poboación -e das mulleres, sobre todo as maiores, en particular-; desde a participación en actividades de lecer ata o acceso á formación.

Demándase, a este respecto, o reforzamento do servizo de transporte:

- Valorar o incremento de liñas de transporte público polo menos ata os núcleos de Rois e Padrón.

- Revisar a traxectoria das actuais liñas para facilitar o acceso ás distintas parroquias.
- Revisar os horarios e as combinacións.
- Articular un sistema de transporte comunitario para que o alumnado de Bacharelato poida desprazarse aos concellos limítrofes.

En materia de urbanismo e mellora das infraestruturas tamén se recolleron suxestións, propostas de mellora que se encadran na demanda xeral da existencia de servizos que permitan permanecer no medio rural:

- A mellora das infraestruturas viarias.
- A mellora da infraestrutura de redes de comunicación: cobertura telefónica e acceso a un servizo de Internet eficiente (banda larga).
- Eliminar barreiras arquitectónicas e acondicionar o estado das beirarrúas.
- A rehabilitación de bens histórico-culturais.

## 4. FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA

A elaboración do presente plan e o seu desenvolvemento enmárcanse nun contexto xurídico-normativo e de planificación en favor da igualdade entre mulleres e homes que se vén desenvolvendo desde hai décadas. Expóñense a continuación as principais referencias normativas e de acción estratéxica nos diferentes ámbitos:

### ÁMBITO INTERNACIONAL

- ❖ Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 1948.
- ❖ Convención sobre os dereitos políticos das mulleres. 1952.
- ❖ Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller. 1967.
- ❖ Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller de 1979 (CEDAW).
- ❖ Declaración sobre o dereito ao desenvolvemento. 1986.
- ❖ Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller. 1993.
- ❖ IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing. 1995.
- ❖ Declaración sobre os dereitos das persoas pertencentes a minorías nacionais ou étnicas, relixiosas e lingüísticas (1992) - Declaración e programa de acción en Viena (1993).

- ❖ Resolución 1997/44 da Comisión dos Dereitos Humanos de 1997.
- ❖ Protocolo opcional da Convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller. 1999.
- ❖ Resolución 1.325 do Consello de Seguridade das Nacións Unidas sobre mulleres, paz e seguridade. 2000.
- ❖ Conferencia Mundial contra o Racismo, a Discriminación Racial e a Xenofobia celebrada en Durban. 2001.
- ❖ Documento final do Cumio Mundial. 2005.

### ÁMBITO EUROPEO

- ❖ Tratado de Ámsterdam de 1997.
- ❖ Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea. (DOCE C 364/1 de 18.12.2000)
- ❖ Recomendación do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia. 2002.
- ❖ Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes nas condicións de traballo.
- ❖ Regulamento 806/2004/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao fomento da igualdade entre as mulleres e os homes na Cooperación ao Desenvolvemento.
- ❖ Directiva do Consello 2004/113/CE do 13 de decembro, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso de bens e servizos e a súa subministración.

- ❖ Informe da Comisión ao Consello, ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, do 22 de febreiro de 2006, sobre a igualdade entre mulleres e homes, 2005.
- ❖ Directiva 2006/54/CE sobre igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres.
- ❖ Programas de acción comunitaria, Daphne I (2000-2003) e Daphne II (2004-2008).
- ❖ Estratexia Europea para a Equidade de xénero 2016-2019.
- ❖ Segundo Pacto Europeo pola Igualdade de Xénero 2011-2020.
- ❖ Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica. Istambul, 11 de maio do 2011, ratificado por España en 2014.

#### ÁMBITO ESTATAL

- ❖ Constitución española 1978.
- ❖ Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras.
- ❖ Real Decreto 1686/2000, de 6 de outubro, polo que se crea o Observatorio da Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes.
- ❖ Lei 27/2003, do 31 de marzo, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia doméstica.

- ❖ Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno.
- ❖ Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- ❖ Real Decreto 355/2004 polo que se crea un Rexistro Central para a protección das vítimas da violencia doméstica. Modificado polo Real Decreto 660/2007 de 25 de maio.
- ❖ Real Decreto 237/2005, de 4 de marzo, polo que se establecen o rango e as funcións da Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller, prevista na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- ❖ Real Decreto 1452/2005, de 2 de decembro, polo que se regula a axuda económica establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- ❖ Lei 39/2006 do 14 de decembro, de protección da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.
- ❖ Orde TAS/3857/2006 do 19 de decembro, pola que se crea a Comisión para a Coordinación das Actividades do Ano Europeo da Igualdade de Oportunidades para todas as Persoas.
- ❖ Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

- ❖ Real Decreto 1917/2008, de 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción socio-laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- ❖ Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.
- ❖ Lei Orgánica 11/2015, de 21 de setembro, para reforzar a protección das menores e mulleres con capacidade modificada xudicialmente na interrupción voluntaria do embarazo.
- ❖ Estratexia Nacional para a erradicación da violencia contra a muller 2013-2016.
- ❖ Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2014-2016.
- ❖ Plan integral contra a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual 2015-2018.
- ❖ Plan para a promoción das mulleres do medio rural 2015-2018.
- ❖ Pacto de Estado contra a violencia de xénero. 2017.
- ❖ Real Decreto-Lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

#### ÁMBITO AUTONÓMICO

- ❖ Estatuto da Autonomía de Galicia 1981.
- ❖ Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- ❖ Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

- ❖ Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.
- ❖ Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.
- ❖ Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero.
- ❖ Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- ❖ Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- ❖ Lei 12/2016 de 22 de xullo, a través da cal se modifican os artigos 3 e 39, mais a disposición adicional cuarta, engadindo outras disposicións a maiores da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia.
- ❖ Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.
- ❖ VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017 – 2020.



- ❖ I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016 - 2020.
- ❖ Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018 – 2021.

#### ÁMBITO LOCAL

- ❖ Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. (Modificada polo Real Decreto-Lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Con esta modificación engádese o parágrafo o) ao punto 2 do artigo 25, recoñecendo como competencia propia dos municipios as “actuacións na promoción da igualdade entre mulleres e homes así como contra a violencia de xénero.”)
- ❖ Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- ❖ I Plan de igualdade de oportunidades do Concello de Rois 2005-2008.

## 5. PRINCIPIO REITORES

Na execución do II Plan de igualdade do Concello de Rois teranse en conta os seguintes principios, que deberán guiar o conxunto da acción municipal:

### 1. INTEGRACIÓN TRANSVERSAL DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

O enfoque de xénero debe atravesar de xeito transversal o conxunto da actividade municipal e non cingirse unicamente a aquelas áreas de acción local máis directamente asociadas ás políticas de corte social ou a actuacións centradas unicamente en resolver “os problemas das mulleres”.

Incorporar o denominado *mainstreaming* de xénero significa que a perspectiva da igualdade de xénero debe incorporarse en todas as políticas, a todos os niveis e en todas as etapas, por parte de todos os axentes responsables do deseño e implantación das políticas públicas.

Isto, sen dúbida, require do compromiso do conxunto da organización e da introdución de cambios na cultura administrativa e nos procedementos de traballo.

### 2. REFORZAMENTO DO PRINCIPIO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

As políticas municipais deberán guiarse por este principio de igualdade de dereitos e oportunidades, posto que, a pesar do recoñecemento legal da igualdade entre mulleres e homes, de facto, aínda queda camiño por percorrer para acadar a plena equidade en todos os ámbitos.

Este principio significa recoñecer o mesmo valor a todas as persoas, pero sen obviar a persistencia de desigualdades e, polo tanto, das diferentes condicións de partida de mulleres e homes, o que fai

necesaria a adopción de accións positivas para a consecución desa igualdade.

### 3. PARTICIPACIÓN CIDADÁ

O desenvolvemento do presente plan non será posible sen a participación do conxunto da cidadanía e axentes sociais do municipio.

Por iso, cómpre contar coa colaboración e implicación do conxunto da sociedade civil, de tal maneira que as accións que se leven a cabo teñan unha aplicación netamente transversal: desde os centros educativos, o movemento asociativo, o empresariado e o conxunto da veciñanza de Rois, deberán participar activamente na súa execución.

### 4. RECOÑECIMENTO DAS DIVERSIDADES

Ademais de inspirar o deseño das distintas accións, como principio xeral de actuación rexerá o recoñecemento da diversidade de todas as persoas. As diferentes capacidades, a diversidade sexual, a idade, a posición económica etc. son, ademais, elementos a considerar na planificación das distintas políticas e nas medidas de acción positiva dirixidas a mellorar a posición das mulleres nos distintos ámbitos da vida.

### 5. COLABORACIÓN E COOPERACIÓN INSTITUCIONAL

O presente plan foi deseñado para a súa execución polo conxunto de áreas, departamentos e servizos municipais, que teñen a

responsabilidade de traballar para a consecución da igualdade entre mulleres e homes.

Para iso, no nivel intrainstitucional deberán instaurarse procedementos de traballo conxuntos que permitan compartir coñecementos e experiencia, así como un sistema eficaz de intercambio de información que permita realizar o seguimento e avaliación do plan.

Así mesmo, será tamén necesaria a cooperación con outras institucións, o que facilitará o establecemento de sinerxías e a optimización dos recursos públicos.

## 6. VIXENCIA

O II Plan de Igualdade do Concello de Rois desenvolverase ao longo de catro anos, entre os anos 2021-2028.

Rematada o seu período de vixencia, considerarase prorrogado ata a aprobación dun novo plan.

## 7. FINS PRINCIPAIS

Os fins principais do II Plan de Igualdade do Concello de Rois son:

- ⇒ Integrar o principio de igualdade no conxunto da acción municipal.

- ⇒ Remover as barreiras que impiden a igualdade efectiva entre mulleres e homes nos distintos eidos a través do desenvolvemento de políticas locais con perspectiva de xénero, que xeren cambios estruturais e perdurables.
- ⇒ Potenciar a participación activa e en igualdade de mulleres e homes en todos os ámbitos.

- ⇒ Combater a persistencia de estereotipos de xénero que seguen condicionando esferas esenciais da vida de mulleres e homes.

## 8. ESTRUCTURA E CONTIDO DO PLAN

### 8.1 Estructura

O II Plan de igualdade do Concello de Rois estrutúrase en 6 áreas estratéxicas de actuación, 14 obxectivos operativos e 89 accións.

Os elementos que integran a dita estrutura son os seguintes:



As **áreas estratéxicas** corresponden aos ámbitos ou campos de intervención para acadar a igualdade entre mulleres e homes nas distintas esferas.



Asociado a cada área estratéxica, o **obxectivo estratéxico** establece o propósito xeral que se pretende alcanzar.

Os **obxectivos operativos** definen as metas concretas que permitirán materializar o obxectivo estratéxico.

No último nivel, **as accións** concretan as intervencións a desenvolver no marco da vixencia do plan.

A partir da estrutura descrita, acompaña a cada unha das accións do plan outra información descritiva, a saber:

- A denominación do departamento ou departamentos municipais responsables do seu desenvolvemento.
- Os indicadores propostos para seguimento da súa execución.

ÁREAS ESTRATÉXICAS DO II PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE ROIS

ÁREA ESTRATÉXICA 1: ACCIÓN INSTITUCIONAL PARA A IGUALDADE

ÁREA ESTRATÉXICA 2: CONCIENCIACIÓN SOCIAL E EDUCACIÓN EN IGUALDADE

ÁREA ESTRATÉXICA 3: EMPREGO E CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE

ÁREA ESTRATÉXICA 4: EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN ACTIVA

ÁREA ESTRATÉXICA 5: CALIDADE DE VIDA E BENESTAR INTEGRAL

ÁREA ESTRATÉXICA 6: PREVENCIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL Á VIOLENCIA DE XÉNERO

ESTRUTURA DO II PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE ROIS



## 8.2 Contido do plan

### ÁREA ESTRATÉXICA 1. ACCIÓN INSTITUCIONAL PARA A IGUALDADE

Esta primeira área estratéxica ten por finalidade desenvolver unha acción institucional favorable á igualdade de xénero, de tal maneira que toda a actividade do Concello de Rois constitúa un exemplo da aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos.

Isto implica incorporar a transversalidade de xénero ao conxunto da acción municipal, o que quere dicir que toda a actividade da Administración local terá en conta as desigualdades de partida entre mulleres e homes, así como as posibles diferenzas que fagan necesarias actuacións adaptadas ás distintas circunstancias, para a consecución, como obxectivo último, da igualdade real.

Para iso, aplicarase o enfoque de xénero ao funcionamento ordinario da Administración e á súa organización interna, de maneira que se promovan, entre outras accións, a representación equilibrada de mulleres e homes en todos os actos ou a composición paritaria en órganos colexiados de distinta índole (xurados, comisións etc.).

Ademais, a mencionada transversalidade impregnará outras dimensións de acción institucional, en concreto a súa proxección externa a través da comunicación e das relacións que establece coa sociedade civil, as empresas e outras institucións públicas. Así, promoverase unha comunicación inclusiva e non sexista e introduciranse criterios de valoración positiva de medidas de promoción da igualdade nos procesos de contratación, entre outras accións.

Hai que engadir, doutra banda, que para levar a cabo a integración da perspectiva de xénero no conxunto da acción municipal, interna e externa, é necesario que o persoal responsable da execución das distintas medidas conte coa formación adecuada en materia de igualdade, polo que o plan contempla tamén a realización de accións formativas dirixidas aos traballadores e traballadoras do Concello para proporcionar a necesaria capacitación sobre igualdade de xénero.

## ÁREA ESTRATÉXICA 1: ACCIÓN INSTITUCIONAL PARA A IGUALDADE

**Obxectivo estratéxico: incorporar a transversalidade de xénero ao conxunto da acción da Administración municipal, tanto no seu funcionamento e organización interna como na proxección externa da institución, servindo de modelo de actuación para a consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.**

**Obxectivo operativo 1.1: reforzar o principio de igualdade entre mulleres e homes e o enfoque de xénero na organización municipal e promover unha cultura da conciliación no funcionamento ordinario do Concello.**

### ACCIÓN 1.1.1

Revisión e reforzo, no seu caso, da desagregación de datos por sexo nos distintos sistemas de rexistro e nos programas e accións municipais.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Todos os departamentos

INDICADORES:

- Revisión realizada (comprobación)
- Nº e tipo de sistema de información modificado/adaptado
- Nº total de sistemas con desagregación de datos pola variable sexo

### ACCIÓN 1.1.2

Inclusión da normativa vixente en materia de igualdade entre mulleres e homes nos temarios das convocatorias da oferta de emprego público do Concello (convocatorias para persoal funcionario e procesos selectivos de persoal laboral).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos sociais
- Persoal

INDICADORES:

- Introducción da normativa (comprobación)
- Nº e tipo de proceso selectivo que inclúe contidos de igualdade



### ACCIÓN 1.1.3

Difusión entre o conxunto do persoal municipal da oferta formativa en igualdade de xénero dispoñible nos distintos organismos e administracións (Egap, Fegamp, Instituto da Muller etc.).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Persoal
- Servizos sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións de difusión realizadas
- Nº de persoas participantes nas accións formativas por sexo

### ACCIÓN 1.1.4

Desenvolvemento de accións formativas en materia de igualdade dirixidas ao conxunto do persoal municipal, incluíndo formación especializada para os perfís técnicos e políticos, destinada a mellorar a introdución da perspectiva de xénero no deseño de políticas públicas (orxamentos, programas, elaboración de memorias etc.)

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Alcaldía
- Persoal
- Servizos sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións desenvolvidas
- Nº de persoas participantes por sexo e posto/cargo

### ACCIÓN 1.1.5

Realización dunha diagnose para a identificación de eventuais fendas de xénero na composición do cadro de persoal do Concello, nas retribucións, así como un uso desigual das medidas de conciliación.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos sociais
- Persoal

INDICADORES:

- Realización do estudo
- Fendas/diferenzas identificadas

### ACCIÓN 1.1.6

Promoción da representación paritaria en calquera acto organizado pola Administración municipal.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Todos os departamentos

INDICADORES:

- N° de persoas participantes por sexo e tipo de acto
- N° de representantes do Concello por sexo e tipo de acto

### ACCIÓN 1.1.7

Impulso da composición paritaria de todos os órganos de decisión colexiada que se constitúan no Concello (tribunais, xurados, comisións etc.).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Todos os departamentos

INDICADORES:

- N° de órganos constituídos con representación paritaria sobre o total de órganos
- N° de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 1.1.8

Elaboración e difusión dun protocolo interno de información, detección e intervención fronte ao acoso sexual, o acoso por razóns de xénero e o acoso moral no traballo.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos sociais
- Persoal

INDICADORES:

- Elaboración do protocolo (comprobación)
- N° e tipo de accións de difusión

**Obxectivo operativo 1.2 Promover unha cultura favorable á igualdade a través dunha comunicación institucional inclusiva e do impulso do enfoque de xénero nas relacións da Administración local coa sociedade civil, outros entes públicos e empresas.**

**ACCIÓN 1.2.1**

Difusión do II Plan de igualdade do Concello de Rois entre o conxunto da cidadanía, organizacións e entidades do municipio e conxunto do persoal municipal.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións de difusión realizadas (comunicados, presentacións etc.)
- Colectivos destinatarios (asociacións, empresas, cidadanía, centros de ensino etc.)

**ACCIÓN 1.2.2**

Creación na web municipal dun espazo para inclusión de contidos sobre igualdade entre mulleres e homes (actividades, servizos, axudas, actualidade etc).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Entidade responsable da xestión da páxina web e RRSS do Concello
- Servizos sociais

INDICADORES:

- Creación do espazo web
- Nº de contidos incorporados
- Nº de actualizacións realizadas

**ACCIÓN 1.2.3**

Revisión da páxina web municipal e dos perfís en redes sociais desde a óptica de xénero para a adecuación de contidos ao principio de igualdade entre mulleres e homes, velando polo uso dunha linguaxe e imaxes inclusivas e non sexistas.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Entidade responsable da xestión da páxina web e RRSS do Concello
- Servizos sociais
- Servizo de Normalización Lingüística

INDICADORES:

- Revisión da páxina web (comprobación)
- Nº e tipo de contidos modificados/adaptados

### ACCIÓN 1.2.4

Promoción da linguaxe de xénero entre o persoal municipal para a utilización de termos inclusivos e non sexistas en todos os documentos administrativos e as comunicacións do Concello.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos sociais
- Servizo de Normalización Lingüística

INDICADORES:

- Pautas/guías difundidas para o uso dunha linguaxe inclusiva
- Nº e tipo de documentos revisados e adaptados

### ACCIÓN 1.2.5

Establecemento de criterios de baremación positiva de medidas favorecedoras da igualdade de xénero nos procedementos de contratación (persoal con formación en igualdade, implantación dun plan de igualdade na empresa etc.).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Todos os departamentos

INDICADORES:

- Nº e tipo de criterios introducidos en bases de contratación por departamento/área

### ACCIÓN 1.2.6

Creación dunha Comisión interdepartamental para a coordinación dos traballos de impulso, seguimento e avaliación do II Plan de igualdade do Concello de Rois.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos sociais

INDICADORES:

- Creación da Comisión (comprobación)
- Departamentos integrantes
- Nº de persoas participantes por sexo
- Nº de reunións realizadas
- Nº e tipo de acordos adoptados

---

### ACCIÓN 1.2.7

Fortalecemento da coordinación e a colaboración con outras administracións públicas e axentes sociais para mellorar a aplicación efectiva de medidas de promoción da igualdade entre mulleres e homes.

---

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Alcaldía
- Servizos sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de actuacións impulsadas (acordos de colaboración, realización de proxectos conxuntos, acceso a novas subvencións etc.)
-

## ÁREA ESTRATÉXICA 2. CONCIENCIACIÓN SOCIAL E EDUCACIÓN EN IGUALDADE

A través dos obxectivos e accións desta segunda área, o Concello de Rois ten proxectado dar continuidade ao traballo de concienciación da cidadanía e de educación en igualdade de xénero nas distintas idades.

O logro de innumerables avances na igualdade entre mulleres e homes no plano xurídico tivo como consecuencia a extensión dun pensamento compartido na nosa sociedade: a de que xa existe a plena igualdade en todos os ámbitos. Este fenómeno, denominado "espellismo da igualdade", debe seguir sendo obxecto de atención a través dun traballo continuado de concienciación da poboación en torno á persistencia de discriminacións, barreiras máis ou menos visibles e prexuízos que seguen impedindo que se poida falar dunha igualdade real de homes e mulleres.

Así, o primeiro obxectivo operativo desta área é dar continuidade ao labor de sensibilización da cidadanía para conseguir erradicar os estereotipos e as distintas formas de discriminación cara ás mulleres, con especial fincapé na promoción da corresponsabilidade, é dicir, da asunción equitativa das responsabilidades domésticas e familiares por parte de mulleres e homes, un obstáculo determinante das posibilidades de desenvolvemento das mulleres.

A través do segundo obxectivo quérese potenciar a educación en igualdade desde as idades máis temperás, tanto nos procesos educativos formais -ámbito escolar- como informais -programacións municipais-.

A coeducación e a transmisión de valores de igualdade e respecto deben fomentarse nas distintas idades, poñendo o foco en problemáticas ou fenómenos que xorden en determinadas etapas vitais, como nas idades ás que se accede masivamente ao uso de redes sociais, con todas as problemáticas que isto implica, e onde se fai especialmente necesaria a perspectiva de xénero, para abordar de xeito adecuado este fenómeno.

Ademais, é esencial seguir combatendo estereotipos construídos en torno ao xénero que lastran as posibilidades de participación e desenvolvemento persoal tanto das nenas como dos nenos: desde a elección de actividades lúdicas e deportivas, ata a conformación das preferencias nos estudos e as vocacións profesionais, aínda condicionadas por prexuízos sexistas que dificultan esa participación e presenza igualitaria nos distintos campos.

## ÁREA ESTRATÉXICA 2: CONCIENCIACIÓN SOCIAL E EDUCACIÓN EN IGUALDADE

**Obxectivo estratéxico: concienciar o conxunto da poboación sobre a necesidade de construír un modelo de sociedade libre de todo tipo de discriminación e prexuízos de xénero, educando en igualdade desde as idades máis temperás.**

**Obxectivo operativo 2.1. Dar continuidade ao labor de información e sensibilización do conxunto da cidadanía de Rois en torno a necesaria igualdade entre mulleres e homes en todos os ámbitos.**

### ACCIÓN 2.1.1

Reforzamento do traballo de concienciación da poboación, ao longo de todo o ano, a través de campañas e actividades organizadas en colaboración co movemento asociativo do concello, que poñan de manifesto a persistencia de desigualdades de xénero nos distintos ámbitos (ausencia de corresponsabilidade no ámbito doméstico e nos coidados, menor presenza das mulleres en esferas de decisión, desigualdade salarial etc.) e contribúan á súa erradicación.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos sociais

INDICADORES:

- N° e tipo de accións de concienciación realizadas (campañas informativas, exposicións, conferencias, charla etc.)
- Asociacións colaboradoras
- N° de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 2.1.2

Realización de obradoiros sobre corresponsabilidade, nos que se potencie a participación masculina no reparto de responsabilidades e onde mulleres e homes reflexionen conxuntamente sobre a distribución das tarefas domésticas, o coidado de persoas e a educación de fillos e fillas.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos sociais

INDICADORES:

- N° de obradoiros realizados
- N° de persoas participantes por sexo e idade

### ACCIÓN 2.1.3

Promoción e ampliación de contidos da sección de xénero da biblioteca municipal con fondos bibliográficos sobre mulleres e igualdade de xénero.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Cultura

INDICADORES:

- Ampliación da sección (comprobación)
- Nº e tipo de novos fondos adquiridos

**Obxectivo operativo 2.2. Potenciar a educación en igualdade en todos os procesos educativos coa implicación do conxunto da comunidade educativa.**

### ACCIÓN 2.2.1

Reforzamento da colaboración cos axentes da comunidade educativa (centros de ensino e asociacións de nais e pais) para continuar desenvolvendo actuacións conxuntas centradas na coeducación e na erradicación dos estereotipos de xénero.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións impulsadas
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 2.2.2

Realización de obradoiros nos centros de ensino dirixidos ao fomento da corresponsabilidade no fogar en todas as etapas educativas.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de actividades realizadas
- Alumnado participante por sexo e curso



### ACCIÓN 2.2.3

Organización de actividades formativas dirixidas á poboación adolescente sobre identidades de xénero, relacións de parella igualitarias e para a vivencia dunha sexualidade sa e informada.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Oficina municipal de información xuvenil (OMIX)
- Servizos sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de actividades realizadas
- Nº de persoas participantes por sexo e idade

### ACCIÓN 2.2.4

Desenvolvemento de accións informativas dirixidas á infancia e á adolescencia sobre o uso axeitado de Internet e as redes sociais e das problemáticas asociadas, desde unha perspectiva de xénero (ciberacoso, sextorsión etc.).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Oficina municipal de información xuvenil (OMIX)
- Servizos sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de actividades realizadas
- Nº de persoas participantes por sexo e idade

### ACCIÓN 2.2.5

Realización de actividades en distintos formatos (charlas, videofórum, obradoiros, concursos etc.) para a erradicación de estereotipos de xénero desde idades temperás: xogos e xoguetes non sexistas, elección de estudos e deportes sen condicionantes de xénero etc.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Oficina municipal de información xuvenil (OMIX)
- Servizos sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de actividades realizadas (charlas, videofórum, teatro, obradoiros etc.)
- Nº de persoas participantes por sexo e idade

### ACCIÓN 2.2.6

Organización de actividades en distintos formatos sobre temáticas de interese dirixidas ás familias (nais, pais, avoas, avós etc.).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos sociais

INDICADORES:

- N° e tipo de actividades realizadas (charlas, concursos, conferencias, obradoiros etc.)
- N° de persoas participantes por sexo e idade

### ACCIÓN 2.2.7

Mantemento do enfoque de xénero no conxunto da programación socioeducativa e sociocultural do Concello (programas de conciliación, actividades deportivas etc.) e incremento da realización de actividades específicas de fomento da igualdade nas distintas idades.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos sociais
- Cultura
- Deportes
- Oficina municipal de información xuvenil (OMIX)

INDICADORES:

- N° e tipo de actividades realizadas
- N° de persoas participantes por sexo e idade

### ÁREA ESTRATÉXICA 3. EMPREGO E CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE

Contribuír á plena incorporación e á permanencia das mulleres no ámbito do emprego, facilitando os recursos necesarios para a súa capacitación, así como aqueles outros que permitan conciliar a esfera privada e a laboral, é o obxectivo estratéxico desta terceira área.

Mellorar a empregabilidade das mulleres require da articulación de recursos de distinta natureza, apoios aos que se dará continuidade e serán reforzados para facilitar o acceso e a permanencia no ámbito laboral en condicións de igualdade. Por un lado, a través do desenvolvemento de accións de capacitación orientadas ás distintas necesidades formativas das mulleres e ás demandas do mercado laboral da comarca, así como coa intensificación dos apoios á actividade emprendedora; por outro, mediante accións de estímulo da contratación feminina, coa implicación dun tecido empresarial local que sexa sensible á igualdade.

Pero a participación das mulleres no desenvolvemento económico require dispoñer de recursos que faciliten compatibilizar o traballo remunerado coas responsabilidades familiares. Por iso, a provisión de recursos municipais en materia de conciliación, dirixidos a toda a poboación de Rois, resulta clave para que as mulleres accedan, permanezan e progresen no ámbito laboral. Isto é así, ademais, posto

que a ausencia de corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidado, asumidas principalmente polas mulleres, constitúen a principal barreira para a igualdade plena no mundo laboral. Estes recursos son, por outro lado, como se viu na diagnose realizada, unha das principais demandas da poboación de Rois.

Doutra banda, cómpre subliñar que a corresponsabilidade non atinxe só aos homes no ámbito privado; as empresas e os poderes públicos poden contribuír a facilitar a harmonización dos tempos de mulleres e homes, polo que o plan tamén contempla accións dirixidas a unha maior implicación do mundo empresarial neste sentido, así como a unha revisión horaria da oferta de actividades de xestión municipal.

### ÁREA ESTRATÉXICA 3: EMPREGO E CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE

**Obxectivo estratéxico: avanzar na plena incorporación e permanencia das mulleres no ámbito laboral en condicións de igualdade, ao tempo que se promove unha cultura da harmonización dos tempos e se articulan os recursos necesarios para facilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.**

**Obxectivo operativo 3.1: favorecer a capacitación das mulleres e reforzar os mecanismos de mellora da súa empregabilidade.**

#### ACCIÓN 3.1.1

Continuidade das accións formativas orientadas á mellora da empregabilidade das mulleres nos sectores con maior demanda de traballo no municipio e en actividades dinamizadoras do medio rural.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Emprego

INDICADORES:

- N° e tipo de accións formativas desenvolvidas
- N° de persoas participantes por sexo

#### ACCIÓN 3.1.2

Mantemento das accións de información, orientación laboral e busca de emprego dirixidas á poboación feminina, nomeadamente ás mulleres en situación de vulnerabilidade, a través do reforzamento da coordinación entre os distintos servizos municipais.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Emprego
- Servizos Sociais

INDICADORES:

- N° e tipo de accións de coordinación realizadas
- N° e tipo de accións de asesoramento realizadas
- N° de persoas beneficiarias por sexo

### ACCIÓN 3.1.3

Establecemento de cláusulas que favorezan a participación preferente de mulleres nos programas municipais de mellora da empregabilidade.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Emprego

INDICADORES:

- Criterios introducidos (comprobación)
- Nº de participantes por sexo
- Nº de candidaturas/solicitudes presentadas por sexo
- % incremento anual de mulleres

### ACCIÓN 3.1.4

Desenvolvemento de actividades de motivación enfocadas ao emprendemento das mulleres, en colaboración con asociacións de mulleres e outros axentes sociais.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Emprego

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas (charlas, conferencias, xornadas, mostras etc.)
- Entidades colaboradoras
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 3.1.5

Continuidade das accións de asesoramento e titorización de proxectos de emprendemento e autoemprego feminino.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Emprego

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións de asesoramento realizadas
- Nº de persoas asesoradas por sexo

### ACCIÓN 3.1.6

Promoción da posta en marcha de axudas ao emprendemento das mulleres.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Emprego

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº de persoas beneficiarias por sexo

### ACCIÓN 3.1.7

Mantemento das accións de capacitación no uso das TIC, adaptándoas ás necesidades reais do mercado laboral e aos distintos niveis de coñecemento.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Emprego

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións formativas realizadas
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 3.1.8

Difusión entre o empresariado local de Rois dos recursos, subvencións, bonificacións e outras medidas que fomenten a contratación feminina.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Emprego

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións de difusión realizadas (edición de folletos, comunicacións, xornadas, charlas, visitas etc.)
- Nº e tipo de empresas destinatarias por sexo

### ACCIÓN 3.1.9

Fomento da implantación de plans de igualdade nas empresas como instrumento para garantir a igualdade retributiva.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Emprego

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións de promoción realizadas (xornadas, comunicacións, encontros etc.)
- Nº e tipo de empresas destinatarias por sexo

**Obxectivo operativo 3.2: contribuír á harmonización dos tempos das mulleres e homes de Rois, a través da adecuación dos recursos municipais que permiten a conciliación e do fomento da corresponsabilidade empresarial.**

### ACCIÓN 3.2.1

Posta en marcha de programas socioeducativos fóra do horario escolar (madrugadores/as, programacións de tarde etc.) que faciliten a conciliación de tempos ás familias.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Actuacións implantadas
- Entidades colaboradoras
- Nº de nenas e nenos participantes por sexo

### ACCIÓN 3.2.2

Mantemento da oferta e ampliación horaria dos programas socioeducativos municipais que se organizan nos períodos vacacionais.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Ampliación horaria (comprobación)
- Nº de persoas participantes por sexo
- Nº de nenas e nenos beneficiarios da ampliación horaria

### ACCIÓN 3.2.3

Impulso de actuacións para a ampliación horaria da Escola infantil.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Alcaldía
- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas (reunións etc.)
- Ampliación horaria (comprobación)
- Nº de nenas e nenos beneficiarios da ampliación horaria

### ACCIÓN 3.2.4

Estudo e ampliación da oferta de recursos dirixidos ao coidado e atención de nenas e nenos menores de 3 anos (creación doutra escola infantil, promoción da ampliación de prazas, fomento da creación de casas niño etc.).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Alcaldía
- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Recursos promovidos
- Nº de nenas e nenos beneficiarios por sexo e tipo de recursos

### ACCIÓN 3.2.5

Reforzo da información pública sobre dereitos laborais, axudas públicas das distintas administracións e servizos dispoñibles en materia de conciliación.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais
- Emprego

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Medios informativos empregados



### ACCIÓN 3.2.6

Estudo e ampliación, no seu caso, das franxas horarias das distintas actividades socioculturais e deportivas do Concello.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Cultura
- Deportes
- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Ampliacións de franxas realizadas segundo o tipo de actividade (comprobación)
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 3.2.7

Desenvolvemento de accións de sensibilización do tecido empresarial para a adopción de medidas que faciliten a harmonización dos tempos, en particular a flexibilización da xornada e o teletraballo, así como a creación de espazos nas empresas para o coidado das nenas e nenos máis pequenos.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Emprego
- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións de sensibilización realizadas (charlas, encontros, xornadas, visitas etc.)
- Nº e tipo de empresas destinatarias

## ÁREA ESTRATÉXICA 4. EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN ACTIVA

Con esta cuarta área estratéxica, e a través de tres obxectivos operativos, o Concello de Rois quere seguir promovendo a presenza e a participación das mulleres en todos os eidos, ao tempo que potencia o seu empoderamento individual e colectivo e pon de relevo as súas contribucións nas distintas esferas.

En primeiro lugar, fortalecerase a relación co movemento asociativo de Rois, mediante distintas accións que o doten de maior protagonismo no desenvolvemento das distintas programacións municipais, así como a través de actuacións que fomenten o traballo en rede e poñan de relevo o traballo das asociacións.

Ademais, fomentarse o asociacionismo como xeito de empoderamento colectivo das mulleres, con apoio e asesoramento para a creación de asociacións e a realización de trámites.

Como revelou a diagnose realizada, a participación en actividades deportivas e de lecer presenta unha clara segmentación por sexo, asociada a estereotipos de xénero. Por iso, o segundo obxectivo operativo desta área tratará de fomentar unha participación igualitaria, de nenos e nenas, de mozas e mozos e de homes e

mulleres adultas e maiores sen connotacións de xénero, incentivando a participación dunhas e doutros naquelas actividades nas que cada sexo se atopa infrarrepresentado.

Concretamente, no ámbito deportivo seguiranse a impulsar as actividades de participación mixta, pero tamén se potenciará a participación das rapazas, que adoitan abandonar o deporte antes que os rapaces.

Por último, ademais do fomento da participación nos distintos ámbitos, esta área ten tamén por obxectivo dar relevancia e facer visible o traballo e as contribucións das mulleres en todos os campos.

É sabido que ao longo da historia, aínda cunha menor participación das mulleres na esfera pública, as súas achegas, que foron significativas, resultaron invisibilizadas. Cómpre, polo tanto, dar a coñecer, a través de actividades en distintos formatos, o traballo e as contribucións femininas en todos os eidos, facendo fincapé en poñer de relevo o labor das mulleres rurais nas distintas facetas da vida.

Este recoñecemento impregnará toda a programación municipal, incluíndo as actuacións de posta en valor do medio natural e do patrimonio histórico-artístico de Rois, mediante a incorporación da perspectiva de xénero ao seu deseño e á planificación.

## ÁREA ESTRATÉXICA 4: EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN ACTIVA

**Obxectivo estratéxico: promover a presenza e a participación das mulleres nos distintos ámbitos e visibilizar as súas achegas en todos os eidos.**

**Obxectivo operativo 4.1. Favorecer a participación e o empoderamento colectivo das mulleres a través da colaboración e o apoio ao tecido asociativo local.**

### ACCIÓN 4.1.1

Continuidade do asesoramento ao movemento asociativo de mulleres dirixido á creación de asociacións, así como de apoio á realización de trámites e acceso a axudas.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº e tipo de asociacións beneficiarias

### ACCIÓN 4.1.2

Organización de encontros que fomenten o empoderamento das mulleres rurais e impulsen o traballo en rede das asociacións.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº e tipo de asociacións participantes
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 4.1.3

Realización dunha xornada anual en torno ao Día Internacional das mulleres rurais en colaboración co movemento asociativo.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais
- Emprego

INDICADORES:

- Realización da xornada
- Nº e tipo de asociacións participantes
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 4.1.4

Fortalecemento da colaboración coas asociacións de mulleres, as asociacións de veciñanza e as deportivas para o deseño conxunto da oferta sociocultural e de lecer do Concello.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Cultura
- Deportes
- Servizos sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de colaboracións realizadas
- Nº e tipo de asociacións colaboradoras
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 4.1.5

Fomento da participación activa do movemento asociativo no desenvolvemento do II Plan de igualdade do Concello de Rois.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Todos os departamentos

INDICADORES:

- Nº e tipo de actuacións impulsadas
- Nº e tipo de asociacións participantes

### ACCIÓN 4.1.6

Valoración positiva na baremación das subvencións municipais da presenza de mulleres en órganos directivos das entidades socioculturais e deportivas.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais
- Cultura
- Deportes

INDICADORES:

- Introducción do criterio de baremación (comprobación)
- Nº e tipo de convocatorias que introducen o criterio
- Nº e tipo de asociacións que compren o criterio

**Obxectivo operativo 4.2. Fomentar unha participación activa e libre de estereotipos de xénero nas actividades socioculturais e deportivas.**

**ACCIÓN 4.2.1**

Fomento da participación das mulleres de todas as idades en actividades socioculturais, con especial fincapé no deseño dunha programación para a poboación xuvenil inclusiva e atractiva por igual para mozas e mozos.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Oficina municipal de información xuvenil (OMIX)
- Cultura
- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº de persoas participantes por sexo

**ACCIÓN 4.2.2**

Realización de actividades que promovan o empoderamento individual e unha maior autonomía das mulleres en colaboración coas asociacións de mulleres de Rois.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Cultura
- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Asociacións colaboradoras
- Nº de persoas participantes por sexo

**ACCIÓN 4.2.3**

Continuidade das accións de capacitación dixital dirixidas a mulleres de distintos perfís e idades, co fin de eliminar a fenda dixital e favorecer a socialización.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Cultura

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións formativas realizadas
- Nº de persoas participantes por sexo

#### ACCIÓN 4.2.4

Fomento da práctica deportiva e da actividade física entre as mulleres de todas as idades, así como a utilización das instalacións deportivas municipais (ximnasio, parques biosaudables, rutas de sendeirismo etc.).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Deportes

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº de persoas participantes por sexo

#### ACCIÓN 4.2.5

Continuidade da programación de actividades físicas e deportivas de participación mixta e impulso da participación de mulleres e homes naquelas nas que cada sexo teña menor presenza.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Deportes

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº e tipo de accións impulsadas en actividades con baixa participación de mulleres ou homes
- Nº de persoas participantes por sexo

#### ACCIÓN 4.2.6

Fortalecemento da coordinación coas distintas asociacións do municipio para a identificación de necesidades e preferencias sobre actividades físicas e de lecer, así como a súa adecuación horaria.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Cultura
- Deportes
- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº e tipo de asociacións colaboradoras
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 4.2.7

Establecemento de colaboracións con entidades deportivas de Rois para fomentar a práctica deportiva das rapazas, a creación de seccións femininas e a organización de campionatos mixtos.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Deportes

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº e tipo de entidades colaboradoras
- Nº de persoas participantes por sexo

### Obxectivo operativo 4.3. Dar visibilidade e poñer en valor o traballo e as achegas das mulleres nos distintos ámbitos.

#### ACCIÓN 4.3.1

Desenvolvemento de actividades en distintos formatos de recoñecemento público e visibilización das achegas das mulleres ao longo da historia nos distintos campos (ciencia, arte, literatura, emprendemento etc.)

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Cultura

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas (exposicións, cine, teatro, conferencias etc.)
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 4.3.2

Fomento da presenza de mulleres artistas e autoras na programación de actividades artísticas e culturais do Concello.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Cultura

INDICADORES:

- N° e tipo de accións realizadas
- N° de mulleres contratadas en eventos e espectáculos sobre o total de contratacións
- N° de obras de autoría feminina

### ACCIÓN 4.3.3

Desenvolvemento de actividades interxeracionais nas que se poña en valor o traballo e a contribución das mulleres de Rois nos distintos ámbitos (oficios, creación de negocios, artesanía, folclore, fala etc.).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Cultura
- Servizos Sociais

INDICADORES:

- N° e tipo de accións realizadas
- N° de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 4.3.4

Impulso de actuacións de posta en valor do patrimonio natural e histórico-artístico de Rois con referencias ao papel das mulleres ou nas que elas teñan maior protagonismo.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Cultura
- Turismo

INDICADORES:

- N° e tipo de accións realizadas no ámbito artístico-cultural
- N° e tipo de accións realizadas no ámbito natural/ambiental/ecolóxico
- N° de persoas participantes por sexo



## ÁREA ESTRATÉXICA 5. CALIDADE DE VIDA E BENESTAR INTEGRAL

Mellorar a calidade de vida de toda a poboación desde un enfoque integral que atenda ao benestar biopsicosocial de todas as persoas, constitúe un obxectivo central para toda Administración local.

Esta área estratéxica recolle un compendio de accións coas que se quere seguir traballando neste ámbito, fortalecendo os recursos dispoñibles e desde o necesario enfoque de xénero e de atención á diversidade.

Como primeiro obxectivo, prevense accións destinadas a promover a saúde física e psicosocial das mulleres desde un enfoque integrador das diversidades, o que significa ter en conta a variedade de factores e circunstancias que se presentan na vida, desde a idade, como variable determinante de problemas de saúde e doutras demandas e preferencias asociadas, ata a presenza de discapacidade, a consideración das necesidades das persoas cuidadoras etc.

Neste sentido, promoveranse accións de distinto tipo para fomentar o autocoidado, mellorar a saúde sexual e reprodutiva e dar apoio ás persoas que desenvolven de maneira informal tarefas de coidado de persoas en situación de dependencia, como é sabido, principalmente mulleres.

Como segundo obxectivo operativo, seguirase facilitando o acceso a recursos e servizos que garantan o benestar de toda a poboación, especialmente para mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade e as persoas ao seu cargo.

Así, por un lado, quérese facilitar á poboación de Rois o acceso a servizos de apoio e atención a persoas maiores e/ou en situación de dependencia. Por outro lado, prevese a mellora da información sobre este tipo de recursos, así como facilitar a accesibilidade na comunicación e a todo tipo de información municipal a través de sistemas adaptados para todas as persoas.

Ademais, darase continuidade e fortaleceranse, no seu caso, as accións e os recursos que se dirixen ás persoas que se atopan en situacións de vulnerabilidade ou risco de exclusión social, un sector de poboación claramente feminizado con mulleres que, habitualmente, teñen tamén persoas ao seu cargo.

Xa por último, o terceiro obxectivo pretende contribuír a unha contorna máis amigable e accesible para todas as persoas, a través de intervencións con perspectiva de xénero nas instalacións municipais e noutras infraestruturas públicas.

## ÁREA ESTRATÉXICA 5: CALIDADE DE VIDA E BENESTAR INTEGRAL

**Obxectivo estratéxico: mellorar a calidade de vida da poboación desde unha perspectiva de xénero e de atención á diversidade, facilitando o coidado da saúde, o acceso a servizos de benestar, así como a través de intervencións que favorezan unha contorna máis accesible, segura e amigable para vivir.**

**Obxectivo operativo 5.1. Promover a saúde física e psicosocial das mulleres desde un enfoque integrador das distintas diversidades.**

### ACCIÓN 5.1.1

Realización de accións informativas e formativas para o coidado da saúde, con especial atención a problemas específicos das mulleres ao longo de todo o seu ciclo vital (trastornos da alimentación, menopausia, problemas psicosomáticos, osteoporose etc.).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais
- Oficina municipal de información xuvenil (OMIX)

INDICADORES:

- N° e tipo de accións realizadas (charlas, obradoiros, cursos etc.)
- N° de persoas participantes por sexo e idade

### ACCIÓN 5.1.2

Posta en marcha de programas de saúde sexual e reprodutiva desde unha perspectiva de xénero e de atención ás distintas diversidades (diferentes idades, identidades e orientación sexual, discapacidade etc.).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Oficina municipal de información xuvenil (OMIX)
- Servizos Sociais

INDICADORES:

- N° e tipo de accións realizadas
- N° de persoas participantes por sexo e idade

### ACCIÓN 5.1.3

Continuidade do fomento da práctica de actividade física a través dunha oferta adaptadas ás distintas etapas vitais.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Deportes
- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº de persoas participantes por sexo e idade

### ACCIÓN 5.1.4

Posta en marcha de accións para o apoio terapéutico e a promoción do autocoidado entre as persoas coidadoras non profesionais (obradoiros, charlas etc.).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 5.1.5

Realización de accións informativas e formativas dirixidas a persoas coidadoras sobre a prestación de cuidados sociosanitarios a persoas en situación de dependencia.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº de persoas participantes por sexo

**Obxectivo operativo 5.2. Facilitar o acceso a recursos e servizos que garantan o benestar integral, especialmente para as mulleres que se atopan en situación de especial vulnerabilidade.**

**ACCIÓN 5.2.1**

Reforzamento da información sobre recursos públicos e privados de atención á dependencia, incluíndo aqueles que faciliten o respiro familiar ás persoas cuidadoras.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- N° e tipo de accións informativas realizadas
- N° de persoas beneficiarias por sexo

**ACCIÓN 5.2.2**

Promoción e ampliación, no seu caso, do servizo de axuda a domicilio para a atención a persoas maiores e/ou en situación de dependencia.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- N° e tipo de accións de información/difusión realizadas
- N° de prazas incrementadas respecto ao ano anterior
- N° de persoas beneficiarias por sexo

**ACCIÓN 5.2.3**

Impulso de actuacións para ampliar a oferta de servizos de atención a persoas maiores e/ou en situación de dependencia existente no concello.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Alcaldía
- Servizos Sociais

INDICADORES:

- N° e tipo de accións para a implantación de novos servizos/prazas no concello
- N° de persoas beneficiarias por sexo

### ACCIÓN 5.2.4

Mellora da accesibilidade á comunicación e á información municipal a través de sistemas e formatos adaptados para todas as persoas (lectura fácil, sistemas de audio, uso de pictogramas etc.)

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Todos os departamentos

INDICADORES:

- Nº e tipo de sistemas/formatos introducidos
- Nº e tipo de documentos/soportes adaptados

### ACCIÓN 5.2.5

Fortalecemento da colaboración con entidades que traballan no ámbito da discapacidade para a organización conxunta de actividades que favorezan a inclusión social e laboral das persoas con discapacidade e o seu acceso á información.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de acción realizadas
- Entidades colaboradoras segundo o ámbito
- Nº de persoas beneficiarias por sexo

### ACCIÓN 5.2.6

Continuidade das accións de mellora de habilidades sociais e laborais destinadas a facilitar a inclusión sociolaboral das mulleres en situación de vulnerabilidade.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais
- Emprego

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 5.2.7

Desenvolvemento de obradoiros para a mellora da organización e a xestión familiar.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 5.2.8

Fomento do voluntariado para fortalecer o servizo da Aula de apoio educativo para menores.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº de persoas voluntarias por sexo
- % incremento anual de persoas voluntarias
- Nº de persoas beneficiarias por sexo

### ACCIÓN 5.2.9

Fortalecemento da colaboración con centros de ensino e anpas para a detección de situacións de risco de exclusión social e facilitar ás e aos menores o acceso a servizos de reforzo educativo, ao lecer e á tecnoloxía.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Entidades colaboradoras
- Nº de persoas beneficiarias por sexo

**Obxectivo operativo 5.3. Desenvolver intervencións urbanísticas e de mellora da contorna con perspectiva de xénero, facilitar a mobilidade e contribuír á conformación de espazos máis seguros e adaptados ás necesidades de todas as persoas.**

**ACCIÓN 5.3.1**

Continuidade da supresión de barreiras arquitectónicas tanto en espazos exteriores como no interior das instalacións municipais para facilitar a mobilidade de todas as persoas (persoas maiores, persoas con carros de bebé, persoas con mobilidade reducida etc.).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Urbanismo e Obras

INDICADORES:

- Nº e tipo de intervencións realizadas en espazos exteriores
- Nº e tipo de intervencións realizadas en edificios públicos

**ACCIÓN 5.3.2**

Valoración e estudo para a adecuación progresiva das infraestruturas municipais desde a óptica de xénero, para dar resposta ás distintas necesidades da poboación (duchas e vestiarios para mulleres, cambiadores de cueiros nos aseos de homes e mulleres etc.).

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Urbanismo e obras

INDICADORES:

- Nº e tipo de intervencións realizadas

**ACCIÓN 5.3.3**

Reserva de solo municipal para a construción de equipamentos que faciliten a conciliación (centros de atención a persoas maiores, ludotecas, escolas infantís etc.)

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Alcaldía
- Urbanismo e Obras

INDICADORES:

- Nº e tipo de actuacións impulsadas
- Reserva de solo realizada (comprobación)

### ACCIÓN 5.3.4

Impulso de actuacións para a mellora do servizo de transporte público no concello: revisión e establecemento, no seu caso, de novas rutas, aumento de liñas, incremento da frecuencia horaria etc.)

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Alcaldía

INDICADORES:

- Nº e tipo de actuacións impulsadas
- Nº de modificacións realizadas no servizo

### ACCIÓN 5.3.5

Impulso de actuacións para a mellora das redes de telefonía e para un acceso adecuado a Internet (banda larga) en todo o municipio.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Alcaldía
- Urbanismo e Obras

INDICADORES:

- Nº e tipo de actuacións impulsadas
- Nº de melloras introducidas no servizo

### ACCIÓN 5.3.6

Incorporación de nomes de mulleres senlleiras aos distintos espazos públicos (equipamentos, rúas, prazas etc.) para contribuír ao seu recoñecemento público.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Alcaldía
- Urbanismo e Obras

INDICADORES:

- Nº e tipo de espazos reservados para a asignación de nome de muller
- Nº e tipo de espazos con nome de muller



## ÁREA ESTRATÉXICA 6. PREVENCIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL Á VIOLENCIA DE XÉNERO

Erradicar a violencia de xénero constitúe un obxectivo común de toda a sociedade e un deber para as distintas administracións públicas. Os municipios, en concreto, teñen atribuída como competencia “actuacións na promoción da igualdade entre mulleres e homes así como contra a violencia de xénero”, a raíz da modificación realizada no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tras a entrada en vigor do Real Decreto-Lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Pero combater a expresión máis cruenta da desigualdade de xénero require da necesaria implicación de toda a cidadanía. É por isto que o obxectivo estratéxico desta sexta e última área non é outro que loitar contra todas as formas de violencia contra as mulleres a través de accións que fagan partícipe ao conxunto da poboación e mellorar a atención integral a todas as vítimas desta violencia.

Por iso, en primeiro lugar, este II Plan ten previsto seguir avanzando na concienciación de todas as persoas para o rexeitamento e denuncia das distintas formas que presenta a violencia de xénero; máis alá da que se produce no ámbito das relacións de afectividade, isto é, considerando outras violencias como as dixitais, as agresións

sexuais, os ataques á libre orientación sexual ou a trata e a prostitución.

Darase pulo ás accións de información e concienciación de toda a cidadanía a través de campañas de sensibilización e seguirán a desenvolverse outras actuacións específicas con colectivos concretos, como a poboación escolar, pois só desde a educación temperá poden cortarse as raíces das que xorden os mecanismos inherentes á violencia contra as mulleres.

E como segundo obxectivo operativo, o plan prevé mellorar a capacidade de detección das situacións de violencia a través de distintas accións, e facilitar unha atención integral ás mulleres vítimas e ás persoas ao seu cargo para unha pronta recuperación das súas vidas. Para iso, vanse reforzar os mecanismos de derivación e coordinación cos dispositivos existentes, o CIM de Padrón, o Programa das universidades de Santiago e Vigo “Ruptura de parella, non de familia”, así como con outras administracións e organismos.

## ÁREA ESTRATÉXICA 6: PREVENCIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

**Obxectivo estratéxico: combater todas as formas de violencia contra as mulleres a través de accións que involucren o conxunto da cidadanía e mellorar a resposta institucional a través dun óptimo acceso aos recursos para todas as vítimas.**

**Obxectivo operativo 6.1. Avanzar na concienciación de toda a poboación e para o rexeitamento das distintas formas que presenta a violencia contra as mulleres.**

### ACCIÓN 6.1.1

Continuidade das accións de sensibilización da poboación en torno a violencia de xénero desde un enfoque que comprometa a toda a sociedade, fomentando a colaboración co movemento asociativo ao longo de todo o ano e, nomeadamente, na programación do 25 de novembro.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais
- Cultura
- Deportes
- Oficina municipal de información xuvenil (OMIX)

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Asociacións colaboradoras
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 6.1.2

Realización de campañas de información sobre os distintos tipos de violencia contra as mulleres: ciberacoso, agresións sexuais, acoso sexual e por razón de xénero, orientación sexual etc., e sobre a importancia da denuncia deste tipo de situacións.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais
- Oficina municipal de información xuvenil (OMIX)

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Colectivos destinatarios

### ACCIÓN 6.1.3

Elaboración de campañas/programas para a concienciación e visibilización do fenómeno da trata con fins de explotación sexual como unha forma de violencia de xénero.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais
- Oficina municipal de información xuvenil (OMIX)

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Colectivos destinatarios
- Nº de persoas participantes por sexo

### ACCIÓN 6.1.4

Continuidade das actividades educativas e de sensibilización en distintos formatos para a prevención da violencia de xénero nos centros de ensino, desde un enfoque que promova modelos de relacións afectivas baseadas no respecto e a aprendizaxe de novas masculinidades.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas (obradoiros, cine, teatro, contacontos etc.)
- Colectivos destinatarios: alumnado, profesorado, nais e pais
- Nº de persoas participantes por sexo e idade

### ACCIÓN 6.1.5

Realización de accións informativas, en colaboración co movemento asociativo, para a identificación e prevención das distintas formas de violencia contra as mulleres con discapacidade.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Entidades colaboradoras
- Nº de persoas participantes por sexo

**Obxectivo operativo 6.2. Facilitar unha atención integral e coordinada ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás persoas ao seu cargo para a recuperación do seu proxecto vital.**

**ACCIÓN 6.2.1**

Continuidade e reforzo, no seu caso, do labor de detección e información ás mulleres vítimas de violencia sobre recursos e programas específicos de atención.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais
- Oficina municipal de información xuvenil (OMIX)

INDICADORES:

- Nº e tipo de accións realizadas
- Nº de persoas beneficiarias por sexo e idade

**ACCIÓN 6.2.2**

Elaboración dun folleto (díptico/tríptico) con información básica sobre violencia de xénero, teléfonos de contacto e recursos dispoñibles.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Elaboración do folleto (comprobación)
- Nº de exemplares distribuídos
- Centros/espazos de distribución

**ACCIÓN 6.2.3**

Fortalecemento da coordinación co CIM de Padrón para unha adecuada derivación e atención ás mulleres vítimas e ás persoas ao seu cargo, en particular, para o apoio xurídico e a atención psicolóxica.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Servizos Sociais

INDICADORES:

- Nº e tipo de derivacións realizadas
- Nº e tipo de accións de coordinación realizadas
- Nº de consultas realizadas por poboación de Rois no CIM de Padrón por sexo e idade
- Nº de persoas beneficiarias dos distintos servizos de atención por sexo e idade

### ACCIÓN 6.2.4

Continuidade dos programas formativos para a mellora da inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Emprego

INDICADORES:

- N° e tipo de accións formativas realizadas
- N° de mulleres participantes

### ACCIÓN 6.2.5

Establecemento de cláusulas que dean prioridade ás mulleres vítimas de violencia de xénero e ás persoas ao seu cargo no acceso aos diferentes servizos municipais.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Todos os departamentos

INDICADORES:

- N° e tipo de servizos que incorporan esta cláusula (comprobación)
- N° de persoas beneficiarias por sexo e idade

### ACCIÓN 6.2.6

Fomento da colaboración cos centros educativos e as anpas para a detección de situacións de violencia de xénero no ámbito familiar das e dos menores.

DEPARTAMENTO RESPONSABLE:

- Todos os departamentos

INDICADORES:

- N° e tipo de actuacións realizadas
- Centros educativos/anpas e asociacións colaboradoras

## 9. SISTEMA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Un plan de igualdade é un conxunto ordenado de medidas dirixidas a alcanzar a igualdade de xénero nos distintos ámbitos. Trátase, polo tanto, dun instrumento de planificación que debe ser obxecto de monitorización e control.

A implantación de procesos de seguimento e avaliación é xa unha práctica consolidada no ámbito das políticas públicas. Con estes mecanismos contribúese non só ao control da eficiencia dos recursos, senón tamén á mellora da planificación futura.

O desenvolvemento destes dous procesos, ao cabo, complementarios, corresponderá á Comisión Interdepartamental para o seguimento e avaliación do II Plan de igualdade do Concello de Rois, cuxa creación recolle o propio plan.

Esta Comisión terá asignada, entre outras funcións, o impulso do desenvolvemento do plan, a planificación e implantación das accións programadas, así como a realización do seu seguimento e avaliación.

Así, o II Plan de igualdade do Concello de Rois será obxecto de seguimento e avaliación nos termos que a continuación se especifican:

⇒ Levarase a cabo o seguimento do desenvolvemento do plan con carácter anual.

O seguimento é o procedemento que permite a monitorización das accións programadas. Partindo da base de que o plan de igualdade é un instrumento dotado de flexibilidade para a súa adaptación ás distintas circunstancias, o seguimento serve para identificar dificultades e posibles desaxustes, e achega información para a toma de decisións e a eventual introdución de modificacións e correccións na programación das accións.

Elaborarase un informe de resultados en cada unha das anualidades, baseado en información sobre as actuacións desenvolvidas, a partir dos indicadores propostos no plan para as distintas accións, así como doutras fontes de información dispoñibles (memorias, rexistros etc.).

⇒ Coincidindo coa finalización do período de vixencia do plan, realizarase unha avaliación final. Con ela obterase información sobre o grao de execución das accións previstas, os resultados obtidos e o seu impacto na poboación. Para iso, é importante levar a cabo un procedemento que integre unha metodoloxía cuantitativa, que permitirá o reconto de actuacións, persoas beneficiarias, recursos destinados etc., xunto cunha análise

qualitativa que ofrezca unha valoración en termos de impacto, dos resultados ou efectos das actuacións levadas a cabo, e das medidas non executadas.

Esta avaliación plasmarase nun informe de resultados, que recollerá, nos termos descritos, o grao de consecución dos obxectivos e accións programadas, o seu impacto, así como indicacións sobre aspectos de mellora e recomendacións para a elaboración dun novo instrumento de planificación.

Para facilitar o seguimento e a avaliación das actuacións realizadas ao abeiro do plan xúntase como anexo un modelo de ficha destinado á recollida da información.

## ANEXO: MODELO DE FICHA PARA A RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

### FICHA PARA A RECOLLIDA DE INFORMACIÓN SOBRE AS ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NO MARCO DO II PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE ROIS 2021-2028

#### INSTRUCCIÓN PARA A COBERTURA

Cubrírase unha ficha para cada unha das actuacións desenvolvidas no marco do II Plan. Para unha correcta cobertura é necesario dispor do documento do plan, o que permitirá a correcta identificación da acción, obxectivo específico e área na que se inclúe.

Escriba nos espazos sombreados en gris.

#### DEPARTAMENTO MUNICIPAL OU ORGANISMO RESPONSABLE DA ACTUACIÓN

**DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN** (nome completo da actuación desenvolvida).

**TIPO DE ACTUACIÓN** (acción formativa, exposición, reunión/ mesa de traballo, campaña de sensibilización, servizo/recurso etc.).

**CONTIDO DA ACTUACIÓN** (breve descrición sobre os obxectivos, a natureza e/ou a temática da actuación ou recurso).



**OBXECTIVO OPERATIVO E ÁREA ESTRATÉXICA NO QUE SE ENCADRA** (indicar os díxitos de área e obxectivo nos que se inclúe a actuación).

Área estratéxica:

Obxectivo operativo:

**LUGAR DE REALIZACIÓN** (nome do espazo público ou privado - colexio, biblioteca, Casa da Cultura etc.-, lugar xeográfico etc.).

### DATAS DE REALIZACIÓN

Día e mes:

Ano: 2021  2022  2023  2024   
2025  2026  2027  2028

### DURACIÓN DA ACTUACIÓN

Total horas:

### NÚMERO DE PERSOAS PARTICIPANTES

Mulleres:

Homes:

Total:

**PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO DA POBOACIÓN PARTICIPANTE/BENEFICIARIA** (describir as características da poboación ou colectivo destinatario/participante na actuación: cidadanía en xeral, poboación maior, mocidade, mulleres en exclusiva, persoas en situación de vulnerabilidade etc.).

**ENTIDADES PARTICIPANTES** (número e nome das entidades participantes no desenvolvemento da actuación).

Número:

Nome:

**OUTROS INDICADORES** (cobrir cos datos correspondentes a partir dos indicadores propostos no documento do plan para a acción na que se encadra a actuación, así como de calquera outros indicadores que poidan manexar).

**RECURSOS ECONÓMICOS DEDICADOS** (completar a contía e identificar a procedencia dos fondos -municipais ou procedentes de subvencións-, así como o departamento ou entidade que achega financiamento).

Nome do/s departamento/s:	Orzamento	Fondos municipais	Fondos subvencións
	€	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	€	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	€	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

**MEDIOS DE DIFUSIÓN** (canles a través das cales se promocionou, comunicou ou difundiu información sobre a actuación ou recurso: web municipal, anuncios/bandos, prensa, radio, correo electrónico etc.).

**GRAO DE SATISFACCIÓN** (valoración da actuación por parte da poboación participante/beneficiaria e a organización).

**SUXESTIÓNS DE MELLORA** (indicar, se é o caso, comentarios sobre o desenvolvemento da actuación ou recurso que axuden a mellorar ou corrixir futuras accións).

**OUTROS COMENTARIOS** (engadir, se o desexa, outras observacións xerais sobre o desenvolvemento da actuación).

#### DATOS DE CONTACTO

Departamento:

Nome e apelido:

Cargo:

Enderezo electrónico:

Teléfono:

Data cobertura formulario: